

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DE 13 DE SETEMBRO DE 2004

ASISTENTES

Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Calviño Rodríguez, Julio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Davila, María Olaia
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel

López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María José
Molares Pérez, Lucía Emilia
Pérez Castrillo, Lois
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Excma. Sra. Alcaldesa, D^a Corina Porro Martínez
Barros Punte, Miguel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día trece de setembro do ano dous mil catro, coa Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figuroa Vila, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo (con retraso), Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García (con retraso), Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA, correspondente ó mes de agosto, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Excma. Sra. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e o Sr. Barros Punte. Está tamén presente o interventor xeral accidental, don Luis García Alvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: En primeiro lugar disculpar á Sra. Alcaldesa a quen lle xurdíu unha viaxe a Madrid e tivo que se ausentar da cidade.
Imos gardar un minuto de silencio como ven sendo habitual por aquelas persoas mortas nos últimos meses por violencia de xénero.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Quería pedir que dado que a semana pasada foi o pasamento do poeta galego Manoel María se fixera tamén un minuto de silencio na súa memoria.

A PRESIDENCIA: De acordo coa petición da concelleira do BNG

A Corporación Municipal e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (215).-ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORDINARIA 28.06.04)

(No momento da votación están ausentes o Sr. Pérez Castrillo e a Sra. Porteiro García).

Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito apróbase a acta correspondente á sesión plenaria do día 28 de xuño de 2004).

2.- (216).-CORRECCIÓN ACTA CORRESPONDENTE Ó PLENO DO 31.05.04, APROBADA EN SESIÓN DO 26 DE XULLO.

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto de 2004, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

"No borrador da acta correspondente ó Pleno ordinario da Corporación, na súa sesión do día 31 de maio de 2004, aprobado na sesión ordinaria do 26 de xullo seguinte, nos seus puntos 4 e 5, figura a "Aprobación inicial do

proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán", así como a "Aprobación inicial do proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo", respectivamente.

Nos citados acordos figura un erro estando intercambiados os dictames das comisións informativas, xa que o Regulamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán dictaminouse pola Comisión Informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o Regulamento do Consello Social da Cidade de Vigo dictaminouse pola Comisión Informativa de Xestión Municipal.

Xa que logo, os devanditos acordos deberán quedar como segue:

Aprobación inicial do proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán:

"A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente, propoñendo engadir á proposta outro punto co seguinte contido:

"O pleno do Concello de Vigo comprométese no período dos próximos doce meses a avaliar o funcionamento conxunto da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do órgano institucional do Valedor do Cidadán, ó obxecto de replantexarse a existencia deste último, no suposto de que razóns de eficiacia e eficiencia nas atribucións de ambos, debidamente motivadas, así o recomenden".

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán co texto que se transcribe ó final deste acordo, sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente, debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Segundo.- O pleno do Concello de Vigo comprométese no período dos próximos doce meses a avaliar o funcionamento conxunto da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do órgano institucional do Valedor do Cidadán, ó obxecto de replantexarse a existencia deste último, no suposto de que razóns de eficiacia e eficiencia nas atribucións de ambos, debidamente motivadas, así o recomenden."

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

Aprobación inicial do proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo:

"A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de maio de 2004, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo co texto que se transcribe ó final deste acordo, sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Segundo.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor."

Polo anteriormente exposto, o secretario xeral do Pleno emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Pérez Castrillo e a Sra. Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Rectificar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 31 de maio de 2004, no sentido sinalado no informe do Sr. secretario xeral do Pleno que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Neste intre se incorpora á sesión o Sr. Pérez Castrillo.

3.- (217).-CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE. 5254/411.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2004, o técnico de administración xeeral de Planeamento e Xestión, da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, informa do que segue:

"FEITOS:

1º.- En data 26/11/2001 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "SUP-PP1-Quirós", promovido pola entidade mercantil "Miraflores, S.A.", e redactado polo arquitecto D. José Herrero García. As súas ordenanzas publicáronse no BOP núm. 12, do 17/01/2002.

No Plan Parcial indicouse como superficie total do ámbito a de 46.125 m² Deles 3.103 m² correspondíanse con viais existentes de dominio público.

2º.- Durante a subseguinte tramitación do proxecto de compensación, o topógrafo municipal efectuou un "replanteo" e medición exacta dos terreos incluídos nese ámbito. Desda medición resultou que o polígono delimitado no Plan Parcial dispoñe dunha superficie real de 45.364 m². Dela habería que restar 3.839 m² correspondentes ós viais públicos existentes, para así obter os 41.525 m² de titulariedade privada que poderían xerar edificabilidade.

Tamén se comprobou que a superficie real do novo viario trazado no Plan Parcial ascende a 11.317,10 m², que sumados ós 3.839 m² do viario existente, alcanza unha superficie total de viario de 15.156,10 m².

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

O art. 105.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC) dispón que: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

No presente caso acreditouse suficientemente que os erros detectados (superficie real do ámbito de 45.364 m², en vez dos 46.125 m² indicados no Plan Parcial, sen alteración da delimitación; superficie de viario público existente de 3.839 m² en lugar dos 3.103 m² sinalados no Plan Parcial; e superficie de novo viario de 11.317,10 m² en lugar de 12.298 m²) son meramente "materiais, de feito ou aritméticos", de escasa entidade e lóxicos pola grande extensión do sector a urbanizar. Xustifícanse dun xeito claro e indubitado nos informes do topógrafo e arquitecto municipais de datas respectivas 05/11/2002 e 20/12/2002, e na memoria e planos do proxecto de compensación aprobado definitivamente no 06/03/2003 (expte. 4394/401).

Esta rectificación non implica en ningún caso unha modificación do Plan Parcial. Nin se altera o sistema de cálculo da edificabilidade (1 m²/m²), nin se incrementa a total materializable no ámbito. Tampouco se modifica a densidade de vivenda (363 vivendas), nin a superficie destiñada a zona verde (6.991 m²), ou equipamentos (9.247 m²). Unicamente se corrixe a magnitude superficial do polígono e do viario público existente, nunha mínima extensión, axústandoa á realidade física.

Tanto o art. 103.3 do Regulamento de xestión urbanística como o aptdo. 3.2.2. do vixente PXOU-93 esixen que o proxecto de equidistribución do polígono efectúe directamente estas rectificacións derivadas do "replanteo" e medición da superficie real do ámbito. Asemade, tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa sentenza do 16/06/2000 (relator: Sr. Sanz Bayón - F.J. "cuarto") e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a) nas do 15/11/2001 (FD "octavo") e 13/04/2000 (FD "séptimo"), dita subsanación de meros erros materiais ou aritméticos non esixe dun procedemento especial. Sen embargo neste caso, e por motivos evidentes de seguridade xurídica, procede formalizar a devandita corrección mediante o procedente acordo plenario.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 29 de xullo de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinteún votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a rectificación dos erros materiais e aritméticos detectados nas medicións do Plan Parcial "QUIRÓS" aprobado definitivamente no 26.11.2001 (expte. 5224/411), no seguinte senso:

- A superficie real do ámbito é de 45.364 m².
- O viario público existente abrangue 3.839 m² de superficie.
- O aproveitamento urbanístico resultante do polígono é de 41.525 m² (1 m²/m²).
- A superficie do novo viario grafiado nos planos do Plan Parcial é de 11.317,10 m².
- Non se alteran as demais determinacións do Plan Parcial; zonas verdes:
- 6.991 m², equipamentos: 9.247 m², densidade: 363 vivendas.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG. Notificar o seu contido íntegro ós propietarios incluídos no ámbito do Plan Parcial, así como á CPTOPV da Xunta de Galicia, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4.- (218).-AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA RESOLVER NO EXPEDIENTE PARA A DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACORDO PLENARIO DO 27 DE NOVEMBRO DE 1992, SOBRE CONVENIO DE CESIÓN PARA VIAL DE CIRCUNVALACIÓN

CONCLUÍDO CON "MIRAFLORES VIGO, S.A." E DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS PROCEDENTES. EXPT. 4490/401.

ANTECEDENTES.- Con data 3 de setembro de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"O Concello-Pleno, en sesión do 28 de xuño de 2004, acordou declarar a caducidade, por transcurso do prazo máximo para resolver, e ordenar o arquivo das actuacións do expediente de revisión de oficio, incoado por resolución do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 4 de decembro de 2003, para a declaración da nulidade do convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992, concluído entre "Miraflores Vigo, S.A." e esta Administración local, a virtude do cal a devandita entidade cedeu ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m² de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, obrigouse a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m²/m²- que é de 32.964 metros cadrados.

Non obstante a caducidade acordada e persistindo as razóns determinantes da nulidade pretendida, o Concello-Pleno acordou ter por iniciado, a virtude deste acordo, novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do referido convenio e por incorporados ó mesmo os informes técnicos emitidos no expediente declarado caducado.

Como queira que no expediente declarado caducado a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." non presentou alegacións, documentos nin xustificacións en defensa dos seus dereitos e en orde a determinar as indemnizacións procedentes para o caso de declaración da nulidade do convenio e toda vez que constan neste novo expediente os informes municipais precisos para formular proposta de resolución no mesmo, acordouse, tamén, poñer de manifesto o expediente á interesada a fin de que no prazo de 15 días puidese presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estimase pertinentes.

Notificada á interesada a iniciación do procedemento e a apertura do trámite de audiencia no mesmo, por correo certificado, o 8 de xullo de 2004, por esta, con data do 26 de xullo de 2004, formularonse as alegacións que obran no expediente e solicitouse o recibimento do procedemento a proba; apertura de período de proba que foi comunicada a "Miraflores Vigo, S. A." con data 6 de agosto de 2004.

É o caso que o prazo fixado polo artigo 102.5 LRXPA para dictar resolución no presente procedemento é de tres meses a contar desde a data do acordo plenario de iniciación, isto é o 28 de xuño de 2004; sen embargo a apertura do período de proba solicitado pola interesada ven imposibilitar o cumprimento do prazo máximo fixado para resolver, toda vez que,

discutíndose no presente procedemento as indemnizacións procedentes como consecuencia da eventual nulidade do convenio de referencia, este prazo ten que ser de trinta días -hábeles- en aplicación do artigo 9 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial; prazo que unido ó de quince días -tamén hábeles- que, dada a natureza do asunto, se debe conceder á interesada para novo trámite de audiencia, unha vez instruído o procedemento e os necesarios para informar as probas practicadas e formular a proposta de resolución, determina a necesidade de superar o devandito prazo máximo fixado para dictar resolución no expediente.

O artigo 42.6 LRXPA admite, excepcionalmente, a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación mediante motivación clara das circunstancias concorrentes unha vez esgotados todo os medios a disposición posibles.

No presente caso non é a carencia de medios materiais ou persoais o que determina a necesidade de ampliar o prazo para resolver, senón, tal e como se reflicte na exposición que antecede, a necesidade de observar uns prazos que, dada a complexidade do asunto, determinan que o procedemento se dilate máis alá do prazo legalmente establecido.

É competente para resolver sobre a ampliación do prazo máximo de resolución o órgano competente para resolver o procedemento (art. 42.6 LRXPA), isto é o Concello-Pleno."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 9 de setembro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación do devandito acordo.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Ampliar o prazo máximo de resolución e notificación do expediente para a declaración da nulidade do convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno en sesión do 27 de novembro de 1992, reseñado ó inicio da exposición que precede, iniciado por acordo plenario do 28 de xuño de 2004, en trinta días máis.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á interesada no expediente.

5.- (219).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.552,90 € A FAVOR DE "ESTUDIO A. MORENO, S.L." EN CONCEPTO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FRAGOSO. EXPTE. 31911/250.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 19 de xullo de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"22. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.552,9 € A FAVOR DE "ESTUDIO A. MORENO S.L." EN CONCEPTO ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FRAGOSO. EXPTE. 31911/250.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral do 9 e 14 de xuño de 2004 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 13.07.04, conformado polo enxeñeiro xefe e polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Recoñecer o gasto necesario para aboar as facturas nº 152/01 e nº 102/02 presentadas ao cobro por Estudio A. Moreno S.L. por importe total de 14.552,29 € con cargo á partida orzamentaria 511.0.227.06.00 dos orzamentos prorrogados do ano 2003 para o 2004 do Servizo de Vías e Obra, polo que o solicitante considérase -segundo a súa propia declaración-, resarcido de tódolos gastos derivados da execución dos traballos realizados.

2º.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas bases de execución do orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 6 de setembro de 2004, quedou enterada do contido do expediente e solicita que se incorpore un informe sobre a execución das obras do proxecto de humanización da rúa Fragoso.

Con data 9 de setembro o enxeñeiro xefe de Vías e Obras emite o informe solicitado e remata sinalando que na actualidade as obras realizadas atópanse en condicións aceptables de servizo.

De todo o anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

6.- (220).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL, S.L., POR IMPORTE DE 90.000 €. EXPTE. 4715/333.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 6 de setembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"4.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. POR IMPORTE DE 90.000 € EXPTE. 4715/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 02.09.04, o informe xurídico do 01.09.04 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.08.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar nulas de pleno dereito as prestacións dos servizos efectuados pola empresa Servizos Hípicos Hipigal SL por importe de 90.000 Euros en concepto de indemnización substitutoria, segundo se acredita nas facturas que figuran no expediente.

2º.- Recoñecer a obriga por recoñecemento extraxudicial de crédito, a favor de Servizos Hípicos Hipigal S.L, por importe de 90.000 Euros, en concepto de indemnización substitutoria segundo se acredita coas facturas e certificado de que a Copa do Mundo realizouse. Este gasto imputarase á partida 4521 470 00 02 Convenio Hipigal."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

Neste intre se incorpora á sesión plenaria a concelleira Sra. Porteiro García.

7.- (221).-DAR DE ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS O LOCAL SITO NA RÚA OTERO PEDRAYO, NÚM. 5. EXPTE. 60/244.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe-proposta de data 30 de xullo de 2004, emitido polo xefe de Patrimonio Sr. Rodríguez Cadarso, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e máis polo Concelleiro delegado:

"Pola oficina do Inventario municipal elaborouse proposta para dar de alta, no epígrafe I Bens Inmóbeis do Inventario municipal de bens e dereitos, o local sito na rúa Otero Pedrayo nº 5 desta cidade de Vigo, elaborando ó efecto a correspondente ficha de propiedade co nº 001893.

Dito local adquiriuse polo concello mediante cesión gratuíta efectuada pola empresa Seromar, S.L., protocolizada en escritura pública autorizada polo notario D. José Piñeiro Prieto en data 25 de setembro de 2001 e inscrita no

Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo a favor do Concello co nº de finca 73903 Tomo 1284, Folio 109.

A teor do exposto e non constando rexistrada a devandita finca no Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, cómpre, de conformidade co disposto no art. 273 da LALG, art. 32.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das AAPP., e art. 17 do RBEL, proceder á súa alta inventarial de acordo cos datos que constan na ficha da propiedade nº 1893 que se achega ó expediente, resultando competencia do Pleno deste Concello a adopción de dito acordo."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 6 de setembro de 2004, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE:

Dar de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no epígrafe I Bens Inmóbiles, co código de propiedade nº 0001893, o inmovible que de seguido se describe, coas características que figuran na ficha de propiedade elaborada pola oficina do Inventario que se aproba.

Código propiedade:	0001893
Denominación:	Local en rúa Otero Pedrayo
Situación:	Rúa Otero Pedrayo nº 5
Natureza xurídica:	Ben patrimonial
Lindeiros:	Norte, portal nº 9 rúa Pintor Laxeiro; sur, praza de uso público; leste, caixa de escaleras e praza de uso público; oeste, parede que separa do edificio nº 7.
Superficie:	150 m2
Título de adquisición:	Cesión gratuita
Suxeito rexistral:	Concello de Vigo
Valor:	597.000 euros.

8.- (222).- APROBACIÓN INICIAL DA ALTERACIÓN DA NATUREZA XURÍDICA DA PLANTA 2ª DO EDIFICIO NÚM. 7 DA PRAZA DA PRINCESA. EXPTE. 17022/240.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de agosto de 2004, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Primeiro.- O Pleno do Concello, en sesión do 30 de xaneiro de 1995, acordou aprobar a moción do Concelleiro de Relacións Cidadás para cesión, á Federación da AAVV Eduardo Chao, do local sito na propiedade municipal da Praza da Princesa nº 7.

Segundo.- De acordo cos datos que obran na oficina do Inventario, o edificio nº 7 da Praza da Princesa consta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos de alta co nº de propiedade 56 no epígrafe nº I e coa denominación de edificio Sala Exposición Laxeiro, e natureza xurídica de ben de servizo público. Na actualidade dito inmovible xa non está destinado ó Museo Laxeiro polo seu traslado dende hai anos a outras instalacións (Casa das Artes), atopándose ocupada a planta baixa do mesmo polos servizos sociais deste Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

Primeiro.- A fin de instrumentar a cesión a favor da Federación AAVV de Eduardo Chao dun local no dito inmovible, en cumprimento do acordado polo Pleno municipal o día 30 de xaneiro de 1995, faise necesario como condición previa indispensable ó efecto a depuración da situación xurídica do dito inmovible que viabilice a cesión interesada.

Neste sentido, o inmovible municipal da praza da Princesa consta como quedou reseñado coa natureza xurídica de ben demanial afecto ó servizo público destinarse á sala de exposicións do Pintor Laxeiro, se ben na actualidade dita actividade cesou polo traslado dese Museo a outras instalacións, resultando unicamente a planta baixa do inmovible ocupada polos servizos sociais do Concello (UBA).

Nestas circunstancias faise necesario actualizar as actuais afectacións a que ven destinado o devandito inmovible modificando no que proceda a natureza xurídica deste. Consecuentemente a fin de dar cumprimento ó acordado polo Pleno e a teor das novas circunstancias concorrentes, resulta pertinente a desafectación da planta 2ª do inmovible obxecto da cesión, manténdose pola contra o resto das plantas afectadas a fins públicos municipais.

Segundo.- As entidades locais de conformidade no disposto na LBRL e LALG teñen a facultade da alteración de cualificación dos seus bens, que levarase a cabo mediante a tramitación do correspondente expte. onde resulte acreditada a oportunidade e legalidade da mesma.

No presente caso pódese entender xustificada e motivada esta alteración tanto polo decaimento do servizo público a que viña destinada no seu día a segunda planta do devandito inmovible, como polo interese da Federación Veciñal de contar cun local coas condicións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, que viuse ratificada polo acordo do Pleno municipal do ano 1995.

Terceiro.- Resulta competente para a adopción do acordo de alteración de natureza xurídica o Pleno do Concello requiríndose para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que o constitúen, e previo informe e asesoramento do Secretario Xeral do Pleno (art. 269 da LALG, 122.5 da LBRL, 163.1.b do ROFRXEL, e art. 8 do RBEL).

Cuarto.- O expediente someteráse a información pública durante o prazo dun mes, polo procedemento regulamentario mediante as publicacións

correspondentes no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, resultando aprobado definitivamente se no prazo outorgado non se formulan alegacións ó mesmo e, noutro caso, trala resolución que para o efecto adopte o Pleno do Concello art. 8.2 do RBEL.”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 6 de setembro de 2004, dictamina favorablemente o devandito acordo.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Hai cousas que a un lle producen dúbidas como é o caso deste tema e por iso ímonos abster.

Quen lles fala ten unha traxectoria de axuda ó movemento veciñal que está aí pero a aqueles aspectos dese movemento veciñal que resultaron sempre absolutamente operativos, é dicir, ás asociacións de veciños en directo procurando que tiveran sedes suficientes para desenvolver actividades culturais, sociais e de todo tipo pero outra cousa é a superinfraestructura, a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao. Por un estricto tema de dúbida, ¿necesita a Federación de Asociacións de Veciños que o Concello teña un inmoible ó seu dispor ou, dados os múltiples locais veciñais que hai en Vigo, podería ter acubillo para a súas xestións en calquera deles, mesmo con aspecto rotatorio e ese local podería ser dedicado a outras cousas?

A dúbida definitiva, por iso ímonos abster, entroume cando fun consciente de que ás veces a utilización do local non é a mellor posible. Que a Asociación de Mulleres Maltratadas de Vigo leve un ano sen poder ter un local porque a Federación de Asociacións de Veciños, onde en principio estaba, non lle dea acollida paréceme un criterio absolutamente insostible socialmente nos tempos nos que estamos.

Polo antedito non imos avalar co noso voto favorable esta decisión que curiosamente tanto molestou a algúns sectores da cidade que logo, cando chega o momento, se pregan por uns votos máis ou menos. Alá vostedes, nós imos actuar en conciencia e imos abstérmonos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintetrés votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima,

Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica da planta 2ª do edificio nº 7 da Praza da Princesa, desafectandóaa do servizo público co que consta no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado polo acordo plenario do 4 de maio de 1993.

Segundo.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente à información pública, durante o prazo dun mes de acordo co art. 8.2 do RBEL.

Terceiro.- O presente acordo resultará afectado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se tiveran presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita a Secretaría Xeral.

Cuarto.- Que pola oficina do Inventario se proceda, unha vez acadada a aprobación definitiva do presente acordo, a efectuar a correspondente anotación de inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante da planta 2ª do citado inmovible.

9.- (223).-NOMEAMENTO DE MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1184/110.

A Presidencia retira o expediente da orde do día para o seu mellor estudo.

10.- (224).-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN PARA A COMISIÓN DE VALORACIÓN DE SELECCIÓN DUN AXUDANTE TÉCNICO DE ELECTROMECAÑICOS E UN ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de setembro de 2004 o xefe da Unidade de Persoal informa da necesidade de proceder ó nomeamento de tres representantes designados pola Corporación Municipal para formar parte da Comisión de Valoración encargada da selección para cubrir vacantes de axudante técnico de Electromecánicos e enxeñeiro técnico de obras públicas, de conformidade coa base quinta da convocatoria do concurso publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 12 de xullo de 2004.

A PRESIDENCIA: Trátase de nomear un membro por cada Grupo político, preside a Comisión un membro do Goberno. Logo cada Grupo político que achegue un nome ó Sr. Secretario.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nomeamos a don Xabier Toba polo Grupo nacionalista.

SR. SOTO FERREIRO: Eu mesmo por Democracia Progresista Galega.

SR. PÉREZ MARIÑO: Dona M^a Luisa Graña polo Grupo Socialista.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representantes da Corporación para formar parte da Comisión de Valoración encargada da selección para cubrir vacantes de axudante técnico de Electromecánicos e enxeñeiro técnico de obras públicas, de conformidade coa base quinta da convocatoria do concurso publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 12 de xullo de 2004, ós seguintes membros da Corporación:

POLO GRUPO DO PSdeG-PSOE	D ^a M ^a LUISA GRAÑA BARCIA
POLO GRUPO DO BNG	D. XABIER TOBA GIRÓN
POLO GRUPO DE DPG	D. MANOEL SOTO FERREIRO

11.- (225).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ELABORACIÓN DE PROGRAMA ESPECIAL DE MANTEMENTO E ADAPTACIÓN DE ZONAS DE XOGO INFANTIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"A Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia o 24 de abril de 2003 (publicado no DOG o 9 de maio de 2003) aprobou o decreto 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.

As disposicións do devandito decreto serán de aplicación tanto ás instalacións de titulariedade pública como ás de titulariedade privada que están destinadas ó uso público ou comunitario.

Neste decreto fanse unha serie de consideracións que deberán cumprir os titulares deses parques (neste caso Concello) que son de obrigado

cumprimento e que determinan as condicións nas que deben estar os parques infantís de acordo coas recomendacións tamén da UE.

Este mesmo concelleiro puido comprobar, ó realizar un pormenorizado estudo da situación dos parques da nosa cidade, como despois de máis dun ano de entrada en vigor do decreto, a grande maioría dos nosos parques non cumpren cos requisistos que se determinan.

Dende o BNG non temos constancia de que se estean a realizar os labores necesarios para adaptar ós nosos parques infantís ás ordenanzas actuais.

O decreto da Xunta establece un período de 5 anos para a adaptación de todas as zonas de xogo da cidade que existen á nova normativa. Pensamos que non podemos actuar con improvisación e que hai que poñerse a traballar con tempo, para que estas zonas de tanta importancia na cidade se atopen no mellor estado e se adapten realmente á normativa esixida.

Non podemos desaproveitar tampouco o tremendo esforzo de investimento que fixo o goberno da anterior lexislatura na renovación de elementos de xogo e na substitución daqueles que non se atopaban en bo estado.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG pon a consideración da Corporación Municipal o seguinte acordo:

- 1.- Que o Goberno Municipal de xeito inmediato elabore un programa especial de mantemento e adaptación das zonas de xogo infantil da cidade para adaptalas á normativa vixente.
- 2.- Que o propio goberno lles remita ós distintos grupos políticos un informe sobre o xeito en que se está a realizar na actualidade o mantemento das devanditas zonas de xogo."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 7 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Logo dunha inspección visual por min mesmo a corenta parques infantís da nosa cidade coas súas respectivas zonas, esta moción vai facer referencia á súa situación actual.

Quero empezar dicindo que alá polo mes de maio de 2003, hai xa máis dun ano, a Xunta de Galiza a través da súa Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado aproba un Decreto no que se fai referencia ás condicións que deben ter os parques infantís e as zonas de xogo, condicións que ademáis son de obrigado cumprimento para aqueles titulares propietarios destas zonas, neste caso o Concello. Este Decreto ven ademáis avalado xa por distintas normativas europeas que expresan claramente cal debe ser, non só o estado dos parques infantís, senón tamén cal debe ser o seu mantemento, a súa conservación e demais elementos que fagan que estas zonas sexan absolutamente seguras e cumpran todos os requisitos que a lei marca.

Para a adaptación destas zonas de xogo a Xunta establece un período de cinco anos dende a aprobación do Decreto, cousa que ó BNG nos preocupa tremendamente xa que estas son zonas de lecer e de espallamento sobre todo dos máis pequenos e pequenas da nosa cidade. Preocúpanos que despois dun ano e medio non se estea a facer ningún tipo de traballo de adaptación para que estas zonas teñan unha mellor situación e sobre todo non dean a imaxe de deterioro que dan nestes momentos. Preocúpanos que logo dun ano o Goberno municipal, que ten que ser coñecedor dos requisitos que estas zonas deben cumprir, non iniciara ningún tipo de actuación e ademáis é que se dentro de cinco anos estas zonas non cumpren cos requisitos, non se poderán empregar para o espallamento e para o lecer dos cativos e cativas.

Dicimos todo isto porque eu mesmo visitei corenta parques da cidade e comprobei que un 95% deles non cumpre cun requisito básico que aparece na lei como é o de estar delimitadas as zonas de xogos por idades, tamén comprobamos que hai un notable deterioro nun 90% dos parques visitados e mesmo algúns elementos de xogo están enferruxados. Isto contrasta cunha directiva europea que di claramente que o mantemento e a inspección visual dos parques da cidade debe realizarse cando menos unha vez ó mes e a reposición daqueles elementos que se atopan deteriorados debe ser inmediata.

Por citaren outra cuestión moi importante para nós, na normativa da Unión Europea e no propio Decreto da Xunta se di que todos os parques infantís teñen que estar accesibles a calquera tipo de neno diminuído físico e atopámonos, polo menos nos que visitamos nós, que un 52% dos parques non cumpre con esta condición.

Podemos citar máis cuestións do Decreto que non cumpren pero para non me estender coido que con estes tres exemplos xa abonda.

En todo caso o que pretende o BNG con esta moción non é facer en ningún sentido unha cuestión crítica, senón espertar dunha vez a este Goberno para que se poña mans á obra e que realmente realice este mantemento, esta posta ó día dos nosos parques infantís.

Pedimos que a Corporación aprrobe un acordo no que se especifique que o Goberno municipal elabore un programa especial de mantemento e adaptación das zonas de xogos infantís para as adaptar á normativa vixente e que o propio Goberno lle remita ós distintos grupos políticos un informe sobre o xeito no que se está a realizar na actualidade o mantemento das devanditas zonas de xogo.

SR. IGLESIAS CARRERA: Señor Domínguez, gracias pola súa moción porque realmente debe ser unha preocupación de todos os grupos coidar dos cativos e é nas cidades onde máis se ven.

Téñoille que lembrar primeiro que o plan de adaptación se ven efectuando dende o ano 97, data da primeira normativa europea, e dende entón realízanse compras de xogos adaptados ás sucesivas normativas que se foron emitindo. Na actualidade continúaase con este programa no que veñen engadidos carteis indicadores e valados e para iso se fan as correspondentes peticións orzamentarias que durante este ano, como por todos é coñecido, estiveron paralizadas.

En canto ó plan de mantemento dicir que dende o ano 98 se realiza este nas zonas de xogo incluídas no actual prego de condicións de contratación de zonas verdes. A partir do próximo 2005 está prevista a separación do mantemento das zonas verdes dos parques infantís co fin de especializar os labores correspondentes a cada tipo e con iso obter unha maior calidade no servizo. Polo tanto si existe un programa actualizado dende o 97 e si existe un programa de mantemento contratado dende o 98.

Respecto ó Decreto da Xunta de Galiza, 245/2003, estamos deficitarios en temas de valado e sinalizacións, xa sabemos que temos prazo ata o 2008 pero tal e como dixemos en parágrafos anteriores e debido á paralizacións orzamentarias, non se pode facer máis.

SR. SOTO FERREIRO: Non pensaba intervir nesta moción coa que estou absolutamente de acordo e agradezo en todo caso os estudos que fixo o señor Domínguez, pero dos propios datos que acaba de expoñer o señor Iglesias e que eu coñecía máis ou menos porque non hai máis que ver entre outras cousas as queixas das asociacións de veciños, onde estan situados boa parte ou a totalidade dos parques infantís, derívase un mantemento realmente lamentable.

Ata aí é a denuncia do señor Domínguez Olveira que se pretende corrixir, pero o señor Iglesias acaba de dar os datos e se no ano 97 se inicia este tipo de traballos e estamos no ano no que estamos e aínda están prevendo que se van facer mellor, en todos estes anos neste tema concreto isto é dunha ineficacia que tira para atrás, dende logo está claro que os nenos pequenos non protestan e non votan, debe ser por iso.

Pídolles, señores Iglesias e Olveira e señores Corporativos do Goberno, que máis que estatísticas, datos e opinións máis ou menos abertas plasmen concretamente nos orzamentos municipais partidas para este tema porque

senón imos seguir con políticas fáciles coas que todos estamos de acordo, todos votamos a favor pero coas que logo non se resolve nada.

SRA. SÍO LOURIDO: Nós tamén imos a votar a favor da moción coa que estamos totalmente de acordo e cremos, como dixo o representante do BNG, que non só é unha cuestión de política, é unha cuestión de realidades e estas están na rúa e só hainas que ver, hai que se achegar ós parques infantís.

Pedímoslles un esforzo coma goberno para que teñan un plan como se pide na moción e que os nenos e nenas de todas as idades e mesmo os discapacitados poidan xogar nas debidas condicións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi brevemente e cos máximos respectos, señor Iglesias, eu coido que a cidadanía xa esta empezando a estar un pouco farta de que a súa incapacidade para enfrontar diversas cousas a achachen a que hai unha paralización orzamentaria. Pois iso non é verdade porque vostedes teñen uns orzamentos e si é certo que estan prorrogados pero teñen uns orzamentos, non gobernan sen orzamentos, os teñen como os tivemos nós no ano 2003 e neses orzamentos si hai partidas para o mantemento e a adaptación, son partidas que non teñen porqué ir directamente ós investimentos, que efectivamente eses si que non os hai nestes orzamentos, e con esas mesmas partidas na última lexislatura si se puxeron en marcha novas zonas de xogos infantís, si se fixeron moitos plans de mantemento que nun ano se viñeron abaixo.

Eu acepto todos os seus datos pero o único que lle pedimos é que fagan e traballen nesta cidade e en concreto nas zonas de xogos infantís e non poñan desculpas, porque entre outros casos vostede sabe que existen movementos dunhas partidas a outras que vostedes poden efectuar e que seguro que para os parques infantís así propiamente dito, calquera modificación de crédito que sexa sacada duns sitios para enfrontar calquera tipo de actuación nos parques infantís seguro que estaríamos todos de acordo como o estamos -semella- nesta moción.

SR. IGLESIAS CARRERA: Non estaba no meu ánimo abeirarme na falla de orzamentos porque ten razón o señor Domínguez Olveira no que dixo, o que digo é que a poboación vai crescendo, hai partidas de onde sacar, indubidablemente hai moito que mellorar e ademáis agora mesmo xa hai novas empresas que están altamentente especializadas concretamente niso. Moitas empresas que se dedican a parques e xardíns moitas veces teñen tendencia xa

que temos unha grande superficie forestal de xardíns, como vostede sabe, é insuficiente.

A partir do 1 de xaneiro de 2005 irán dous lotes distintos e espero que vaia unha empresa que teña alta cualificación neste sentido.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre elaboración dun programa especial de mantemento e adaptación de zonas de xogo infantís, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (226).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DO SEGUNDO CINTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Os que cremos que o traballo político se é eficaz, constante e sen enganos, os cidadáns valorano e demandan moito máis que a constante propaganda de promesas esquecidas no tempo, en contra da “chamada sabedoría popular” -de valorar a prédica e da pouca importancia que lle da o trigo (A Terra quere Pobo-X.L.Barreiro Rivas)-, a experiencia persoal cos nosos conveciños demóstrame o contrario, custa e leva tempo, pero en Vigo sempre se valora máis o traballo, por isto tentarei facer unha cronoloxía dos feitos reais que permiten actualmente contemplar o avance en prazo nas obras do II cinto:

Iniciado o acordo do estudo informativo o 30 de setembro do ano 1991, este sinxelo trámite administrativo non remata realmente ata o 11 de xaneiro de 1995 ó dar por concluído o Estudo de Impacto Ambiental-EIA, quedando aínda pendente a avaliación ata o 20 de outubro de 1997. Aprobada definitivamente a avaliación de impacto ambiental, AIA, o Ministerio de Fomento ordena a contratación dos proxectos de trazado e constructivo, o que realmente non se convoca ata o 12 de novembro do ano 1998 e faise efectivo o dito contrato o 15 de xuño de 1999 - asinado o mesmo ó 16 de outubro de 1999-.

Rematado o proxecto de “trazado” en febreiro de 2001 e remitido ó Concello, apróbase por acordo plenario en xuño do mesmo ano.

O proxecto "constructivo" quedou definitivamente aprobado o 6 de maio de 2002 (BOE 16 xuño 2002) iniciándose a expropiación e o concurso da obra por Resolución do 25 de xuño de 2002 (BOE 1 de xullo de 2002), ditos trámites administrativos permiten que durante os meses de agosto e setembro de 2002 se realizasen as actas previas, perto de 2000 parcelas, e se rematase o concurso e adxudicación da obra á UTE ACS-SAN JOSE-CIMSA.

Iniciadas as obras o ano 2002, como responsable de Infraestructuras no Goberno de D. Lois Pérez Castrillo, prestei a máxima atención, dedicación, traballo e mediación para arranxar os múltiples problemas que unha obra de tal magnitude, complexidade, importancia e necesaria para Vigo acarrea, por isto, constatando que se están producindo desencontros cos afectados, AAVV e Federación, propoño o seguinte acordo:

Crear no Concello unha comisión de seguimento, coa participación dos/as concelleiros de Infraestructuras, Vías e Obras, Seguridade, técnicos municipais que o Goberno Municipal considere, Ministerio de Fomento-Demarcación de Estradas do Estado en Galiza, Federación de AAVV Eduardo Chao e responsables da empresa constructora."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esta moción ven ó caso de que a ninguén se nos esquece a importancia que para ó noso Vigo ten o segundo cinto e o laborioso que foi o seu traballo. Non lles vou aburrir relendo parte desta moción pero si que me nego a non manifestar que todos os esforzos que se fagan para que os servizos afectados, os prazos de obra e a boa comunicación que moitas veces é a que evita os conflitos entre a administración, neste caso o voso goberno, os veciños afectados e as institucións que os distintos servizos afectados poidan sufrir un atranco por culpa de non haber diálogo ou unha porta onde calquera veciño ou calquera organización se poida dirixir de forma áxil e rápida.

Pódolles afirmar que no arranque da obra, este que lles fala tiña o seu despacho aberto ás oito menos carto a disposición de todos os veciños; e digo todos, incluídos os afectados directos. O que me permite dicir que todas as vivendas nas que os propietarios foron afectados de forma drástica debido a que a súa casa se ía tirar pola estrutura que se ía facer chegaran a un acordo no prezo. Isto é unha satisfacción persoal pero ademais diso o traballo previo permitiunos ter uns acordos amplos có resto dos propietarios que sen ter afectada unha propiedade directa si o era o seu terreo.

As valoracións foron do mellor que se leva feito nos últimos anos e dalgunha maneira me permite manifestarlles que o sambenito que tiñamos nas

outras administracións, falo tanto da Xunta como dos Ministerios do Estado de Fomento e Medioambiente, de que en Vigo era imposible facer obras acabouse, en Vigo pódense facer obras; o que fai falla é mirar ós ollos a xente que vai ser afectada, non lles mentir e facer un traballo diario. Por iso me permito presentar esta moción cun só fundamento, que por falta de diálogo non se empece a enquistar como ultimamente se ve. Non é normal que esta obra que marchaba tranquila empece a ter nos últimos tempos problemas de comunicación.

Polo cal a miña proposta e a do meu grupo é clara. Que se cre temporalmente, porque a obra pode ter un prazo de remate de nove meses, creo que é un traballo suficientemente enmarcado no tempo como para poder prestarlle a máxima atención, unha comisión cos interlocutores necesarios. Os interlocutores para nós necesarios son os servizos técnicos municipais que van ser afectados e principalmente os tres que menciono na proposta, como son os de a Concellería de Infraestruturas, Vías, Obras e Seguridade, e os técnicos que o goberno considere oportunos e como interlocutores a Federación que enmarca dalgunha maneira todas as asociacións e os responsables tanto de Fomento como da empresa constructora. Creo que cun seguimento como se fixo noutras obras pódense evitar problemas e que a importancia das obras ben merece este esforzo.

SR. SOTO FERREIRO: Esta moción imola votar a favor. A min me da a impresión de que ó mellor podemos multiplicar os custos da xestión municipal e seguramente tamen a súa premiosidade por non empregar ata as últimas consecuencias as plataformas que temos. Eu non sei porqué estes temas non os tratamos na Xerencia de Urbanismo que é unha institución que realiza reunións todas as semanas. Parece que este tipo de temas lle tocan, por dicilo dalgunha maneira.

Se vostedes manteñen a moción nós imola votar a favor. Pero pregarialles en xeral os grupos que atendan e que vexan se hai institucións que poden realizar traballos antes de propoñer novos mecanismos de funcionamento no Concello porque, á parte de enlearnos todos máis con novas reunións que poderían realizarse noutros lugares, como mínimo encarecemos a xestión municipal.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Enlazando coa exposición feita polo señor Soto, compartimos absolutamente que ás veces un exceso de mecanismos deste tipo pode bloquear ou pode chegar interrompir a acción normal do traballo

municipal. En todo caso anuncio que tamén votaremos a favor desta iniciativa para que non quede ningunha dúbida de que estamos a favor de que calquera tipo de medida que poida servir para que unha infraestrutura deste tamaño en Vigo se faga da mellor maneira posible e coa maior satisfacción dos veciños, por suposto nós estaremos aí, sabendo ademáis que representamos a dúas das instancias que nesta moción se citan como é neste momento a Demarcación de Estradas da Xunta de Galicia e os responsables da empresa constructora.

Nós falamos precisamente có responsable da Demarcación de Estradas da Xunta de Galicia para nos interesar por conflitos ou problemas que poideran existir recentemente respecto desta obra e infórmanos que as relacións cos veciños tanto de Beade como de Matamá, Navia e Comesaña son fluídas, polo menos por parte desta administración e deducimos polo tanto que os problemas de comunicación ós que se refire a iniciativa do BNG están centrados no Goberno Municipal porque a información que temos é que a relación co Goberno Central neste momento é boa e fluída.

Ó mellor se podía ter resolta está inquedaanza do señor Fernández facéndolle un rogo ó Goberno para que a comunicación, a interlocución cos veciños e a capacidade de representación ante outras administracións que pode ter o Goberno Municipal fose mellor. Pero insisto en que imos votar a favor.

Lembrar o compromiso de conclusión da obra probablemente a finais de verán do ano próximo, aínda que o prazo se prevía que podía ser ata marzo do 2006 e que as obras van a un ritmo bastante aceptable, diríamos mesmo que bo. Polo tanto, fixada a posición do noso grupo de voto a favor coa consideración de que ó mellor podería articularse unha saída para a preocupación do BNG que non implicase maior complicación de xestión por parte do Concello, en todo caso insisto en que faremos esta votación a favor e que nos alegamos de que a relación có Ministerio de Fomento en todos os ámbitos, dende os veciños ata o Goberno Municipal nesta nova etapa, sexa moito máis fluída e moito máis agradable e eficaz do que foi en tempos do señor Álvarez Cascos.

A PRESIDENCIA: Vou contestarlles eu porque depende do meu departamento. Pídlolles desculpas porque a Presidencia non debe intervir.

Dende que este Goberno tomou posesión constituíuse unha Comisión que se reúne todos os meses coa Federación de Asociacións de Veciños; precisamente esta tarde ás cinco hai unha reunión, poden vostedes consultar este dato. Todos os meses este Concelleiro se reúne con representantes da Federación

de Veciños onde se trata dunha maneira puntual a relación co segundo cinto. Tamén periodicamente tivemos reunións cos afectados do segundo cinto porque aquí hai dúas partes: uns que representan á Federación de Asociacións de Veciños onde están incluídas todas as asociacións e a Comisión de afectados coa que debimos ter unhas cinco ou seis reunións, tamén periódicamente.

Se vostedes non o coñecen direlles que hai dous técnicos da casa única e exclusivamente para dúas obras que son o segundo cinto e o nó de Puxeiros. Creo que vostedes coñecen ó señor Richard e a outro técnico máis da casa que fan un seguemento continuo destas obras.

Vou clarexar un par de cuestións que non ía mencionar pero xa que saen hai que as matizar. Primeiro se fixo un estudo exhaustivo de todas as demandas dos veciños, incluíndo fotos detalladas de todas elas que pagou o Concello e que logo ensinarei, dossier que de acordo con todos os veciños se remitiu o 13 de maio de 2004 ó Ministerio de Fomento. A raíz dese documento que temos, cada mes se van engadindo todas aquelas demandas que se seguen presentando. O 8 de xuño voltouse remitir outro escrito con demandas que se tiñan que incluír. Hoxe pola tarde teremos novamente unha reunión para seguir con todas as demandas que se poidan presentar.

Coa Demarcación de Estradas hai contacto case semanal, por non dicir diario. Hai catro ou cinco días estivo aquí un técnico da Demarcación de Estradas. A relación é boa pero hai un inconveniente: que aínda a día de hoxe non fomos quen de que nos enviaran o proxecto definitivo do segundo cinto. Non somos quen, dende este Concello, despois de o pedir por escrito, de palabra, de todas as maneiras, de conseguir o proxecto do segundo cinto. Creo que a vostede, señor Fernández, lle pasaba absolutamente igual porque é certo que tamen se solicitara anteriormente, non é unha cuestión que veña de agora, hai que dicir as cousas con claridade.

¿Qué estamos a facer? Pois eses técnicos que diariamente acuden á obra co responsable da empresa constructora e con algún técnico a nivel persoal acadan a información correspondente pero que saiba toda a Corporación que o Goberno non ten o proxecto do segundo cinto. Dicirlle que nós imos seguir traballando e que por suposto que imos votar esta moción porque este traballo xa se está a facer. Se a vontade da Corporación e do membro do BNG é que se constitua esta Comisión, constituírase pero xa está formalizada, é dicir, imos seguir traballando na mesma dirección.

Vólvolle repetir que esa é a situación que temos a día de hoxe e que lles vou remitir para coñecemento de todos vostedes porque é un traballo exhaustivo, moi detallado parcela a parcela, parroquia a parroquia,

incluídas todas as fotos e que se remitíu ó Ministerio de Fomento e á Demarcación de Estradas e que cada mes que aparece algunha novidade ou algunha incidencia vaise incluíndo neste documento.

Dicirlle que o Goberno está a facer as cousas con rigor, a comunicación cos veciños é permanente pero nos atopamos con ese inconveniente. É moi difícil por parte dos técnicos municipais facer unha valoración dunha obra cando non se ten o proxecto, imos a cegas.

SR. SOTO FERREIRO: Señor Figueroa, eu non coñecía os datos que vostede nos acaba de ofrecer e a verdade é que, sen dúbidas da súa palabra porque o coñezo, teño que o felicitar por ese tipo de tratamento.

Eu non sei qué dicir, este maltrato a Vigo non sei onde vai empezar e onde vai rematar pero tamén ás veces non sei se é culpa nosa. É incontestable, empreguen a palabra como queiran, que Fomento non lle dea este proxecto ó Concello de Vigo e se vostedes o consintan pois non o entendo. En todo caso máis que esta moción me parece que o que procede é facer unha moción -que a faremos- urxente se así o permiten neste propio Pleno ou senón por escrito no seguinte, para lle recabar ó Ministerio de Fomento que dunha vez por todas lle remita ó Concello de Vigo o proxecto do segundo cinto de circunvalación. É intolerable este tipo de trato dunha administración a outra. Ademais mesmo con deducións que non teño porqué facer pero un pensa que se era antes o mesmo que agora e aquí non cambia nada, ¿qué é o que non cambia? O estamento técnico do Ministerio de Fomento que é permanentemente hóstil a este Concello e foino historicamente. Debe de ser iso.

A ver se nos revelamos todos contra este estado de cousas porque dende logo se eu estivera na situación política do Goberno do Estado ou no Goberno de Vigo non o consentiría nin polas boas nin polas malas. Penso axudar ó Goberno do mellor xeito que entendo que é presentándolles esa moción. Se lles parece precipitado presentala in voce non me importa facelo para o próximo Pleno da Corporación por se acaso, para que non pareza un tema a cabeza quente porque non o é, é un tema do que falo con paixón porque cada vez que aldraxan a Vigo me sinto realmente amolado. Pero creanme que estou dicindo o que quero dicir e o que lles vou dicir a todos e a Fomento nunha moción a finais do mes no que andamos.

SR. IGLESIAS CARRERA: Gustaríame preguntarlle á señora Porteiro se realmente ten coñecemento de que a velocidade da construción do segundo cinto vai do mesmo xeito que ía. As obras moitas veces poden aparecer que

hai catro camiós e catro cousas e que van o mesmo ritmo que levaban, pero eu teño para min, e é unha opinión meramente subxectiva, que diminuíron a velocidade.

En todo caso xa que houbo un cambio de Goberno, hai unha maneira moito máis fácil de mensurar a velocidade da construción do cinto que serían as certificacións que se fan dende a Demarcación de Estradas; preguntarlle ó director da obra o que está certificando, se o segue certificando ou se non hai certificacións. Eu creo que iso habería que o engadir porque sería un parámetro para medir a velocidade, non vaia ser que, como facía o Xeral Queipo de Llano de infausta memoria en Sevilla, con catro camiós rodeaba a cidade dicindo que tiña dous mil.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Realmente me reafirmo na moción porque máis que nada eu son coñecedor de que hai un seguimento das obras. Houbo uns tempos nos que se tiña un planing de obra que inicialmente correspondía ó que lles fala facerlle o seguimento. Efectivamente os técnicos da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia son os mesmos e eu sei que as ordes de autorizar información non as dan eles directamente senón que veñen dende Madrid. Eu pensei sempre que isto cambiaría co cambio de Goberno pero polo que vostede manifesta parece que non.

Esta moción non está poñendo interlocutores que non estean neste momento falando, o problema é o resultado desa interlocución. O resultado é que o Concello de Vigo fala cos veciños de Vigo, sempre falará e seguira falando, calquera que sexa o Goberno. O problema é que aquí ten que estar o Ministerio de Fomento, a Demarcación de Estradas e a empresa, ese é o fin da Comisión, que sexa executiva porque falar se pode falar pero se, como vostede ben recoñece, este que lles fala pediu a documentación e tiña o estudo do trazado porque o aprobamos aquí. O que non temos é o estudo constructivo efectivamente baseado nun proxecto quee ten modificacións como o estudo básico, coma todos. Eu sei que a traza é a mesma, non se modificou en nada, sei que é unha obra que, como comprenderán, deu moitas horas de traballo político de quen lles fala como para non ter un coñecemento bastante exhaustivo del. A construción visítoa frecuentemente e sei que os veciños, tanto a Asociación de Afectados como os colectivos que a conforman, se queixan de que ninguén resposte ás súas peticións. Hai interlocutores, sí, fálase, tamén, pero a solución é o que pido nesta moción e por iso me atrevo a mantela e pido a súa aprobación por parte do Pleno.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: En resposta á pregunta que se me formulou polo grupo popular evidentemente non estou aquí representando de modo oficial a ninguén máis que ó grupo socialista. A información que eu teño a pode ter perfectamente o Goberno Municipal cunha simple chamada telefónica á Demarcación de Estradas e, do mesmo xeito que a min se me di que os prazos de remate da obra están perfectamente asumidos, que se vai a bo ritmo, que se rematará a finais do verán seguinte (os nove meses dos que falaba o señor Fernández) entendo que ó Goberno se lle dira exactamente igual e con máis capacidade de requirir ou inquirir dado o seu papel xestor e executivo nesta cidade.

Non xustifico nada, evidentemente se o Concello solicita o proxecto hai que o facer chegar. De todas formas haberá que recoñecer que é un proxecto con moitas modificacións, modificacións que día a día se van producindo como vostede mesmo recoñece cando se lle formulan cambios e se están asumindo.

Hai problemas coa reposición do abastecemento de auga en Beade, reposición de muíños en Comesaña e en Matamá, os accesos do plan parcial de Navía que non estaban contemplados, é dicir, é unha obra que é moi dinámica, moi viva, que está permanentemente acomodándose ós problemas e necesidades dos veciños de Vigo, o que nos fala dunha boa interlocución e fala máis dunha boa xestión que parece correcta porque pese a tantos cambios o ritmo mantense e os prezos tamén.

Da a sensación de que esta moción poderíase reconvertir noutra que instase ó Goberno a solicitar efectivamente do Goberno Central a remisión do estudo constructivo modificado ou definitivo que parece ser o problema que subxace ou que lateza nesta iniciativa. En todo caso votaremos a favor da Comisión de seguimento e apoiaremos ó Goberno en todo o que sexa preciso para solicitar ou requirir ese estudo que sen dúbida a cidade e o Concello requiren con toda xustiza.

SR. IGLESIAS CARRERA: Non ía por esa liña de crítica senón porque verdadeiramente, como vostede coñece, con Fomento sempre pasa unha cousa: que sempre hai técnicos aquí en Galicia e non hai políticos, moi poucos políticos, só técnicos. Entón tiñan que ter un interlocutor político que poida falar con todas as cidades cando Fomento fai obras porque hai moitos problemas, eu vivinos cando expropiaron o PAU de Navia e vaille pasar ó cinto polas casas que xa estaban feitas. Como vostede sabe foi estando o señor Príncipe de Alcalde e non se comunicou.

Se aquí calquera forza política que non sexa da liña quere información lle poñen enfronte un técnico, non un político. Eu quero saber como van as certificacións porque teño razoables dúbidas de cómo se certifican as obras, ou se se paran, ou enlentececen, ou se os prazos se cumpren, porque as certificacións mensuais si que dan unha obxectivación da velocidade.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non entendo, e non me tome isto como un afán de polémica, a súa intervención señor Iglesias porque vostedes os do Goberno poden pedir as certificacións. Se vostedes necesitan que nós lles fagamos unha moción instando ó Goberno a que solicite as certificacións eu píddolle ó señor Fernández neste momento que acepte unha enmenda na cal o Pleno da Corporación inste ó Goberno municipal para que solicite do Goberno Central ou da Demarcación de Estradas ou da empresa constructora a certificación das obras realizadas, pero me parece que eso é unha iniciativa que pode tomar o señor Presidente do Pleno neste momento de motu proprio ou na Xunta local de Goberno. Se vostedes necesitan do apoio do grupo socialista para facer esta petición, contan con el. Nese caso que nos indique o grupo popular se queren que presentemos esta enmenda e facémolo.

A PRESIDENCIA: Imos votar pero señora Porteiro, o que entendo que di o señor Iglesias é que como vostede na primeira intervención deu a entender que tiña toda a información do Ministerio de Fomento, seguramente coñece agora vostede mellor directamente o tema que os membros da Corporación. O señor Iglesias quero entender que ante as súas verbas, ou iso deu a entender vostede, porque vostede houbo un momento que parecía que era a voceira do Ministerio de Fomento dándonos unha explicación. Polo tanto se vostede ten esa información mellor directamente cun membro da Corporación nola poda transmitir. Esa é a intención.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, sobre creación dunha comisión de seguimento das obras do segundo cinto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (227).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE REMISIÓN DOS PREGOS DE
CONDICIÓNS Á COMISIÓN DE CONTROL DA CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada do 6 de setembro de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"O día 1 de xaneiro do ano que andamos, entrou en vigor a Lei de Modernización da Administración Local coñecida como Lei das Grandes Cidades.

Esta Lei introduce profundos cambios na organización estrutural dos concellos, na organización dos seus órganos e na definición do novo reparto competencial entre o poder executivo local, a Xunta de Goberno e o Pleno da Corporación.

Na presente Lei, é evidente que se define un aumento do nivel competencial da Xunta de Goberno, ficando para o Pleno a pura acción de control do executivo, para o que a propia Lei percura fórmulas que deberían asegurar a participación, a transparencia na xestión e o debate da mellor ou peor acomodación ós intereses públicos das decisións adoptadas.

No noso Concello, a diferenza doutros, puxéronse en marcha inmediatamente todas as disposicións que tiñan que ver co reforzamento do poder executivo, reforzándose o papel da Xunta de Goberno Local, non establecéndose, paralelamente, mecanismos de control por parte do Pleno da Corporación. Máis aínda, o proceso foi en sí mesmo tan centralizador, que mesmo trouxo consigo a práctica inhabilitación da actuación de Organismos Autonomos como a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Especial transcendencia ten neste período, que calquera que fose o proceso de contratación pública que se realizase, as competencias para a aprobación dos documentos e dos pregos de condicións técnicas e administrativas, así como a adxudicación definitiva, correspondese á Xunta de Goberno e non exista reserva competencial plenaria ningunha. Este proceder, que o noso Grupo criticou abertamente pois representa un paso atrás na transparencia que debe presidir os procesos de contratación na Administración Local, ten derivado ó cabo nunha situación na que, na práctica, o control que sobre eses procesos se pode realizar é sempre con posterioridade á aprobación dos pregos que rexen a fase concursal.

Neste intre, hai convocados concursos e téñense aprobados pregos pola Xunta de Goberno que definen as condicións de concurso e adxudicación de servizos, en calquera réxime, que determinan períodos de tempo no máximo prazo legal, aumentan os custos dos servizos, definen novas condicións de prestación de servizos, sen ningún control por parte do Pleno.

Nembargantes, de haber vontade política, caben medidas que permitan o control dos procedementos de contratación, asegurando a transparencia e o coñecemento de todos os grupos da Corporación e polo tanto permitindo o perfeccionamento dos procedementos en aras da consecución das mellores condicións de prestación dos servizos por parte das empresas potencialmente adxudicatarias. Existe unha Comisión de Control da Contratación, na que hai

representacións de todos os grupos municipais e que, convenientemente convocada, podería evitar a actual situación de falla de transparencia e de falla de control Plenario.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación acorda instar á Alcaldía-Presidencia e á Xunta de Goberno Local, a que en tanto non se aproben as novas regulamentacións derivadas da nova lexislación que permitan o control dos procesos de elaboración de pregos de condicións técnicas e administrativas por parte dos grupos municipais, estes documentos, previamente á súa aprobación polo órgano correspondente, sexan remitidos para o seu estudo e informe á Comisión de Control da Contratación, que será convocada con este fin pola súa Presidencia, coa periodicidade que resulte conveniente.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 6 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: O obxecto desta moción, como poden comprobar tanto no expositivo como na proposta de acordo, é que poñamos en marcha algún mecanismo de control sobre os procesos de contratación porque neste intre o conxunto da Corporación municipal atopámonos nunha situación complicada. A partir do primeiro de xaneiro deste ano a cidade de Vigo aplicou con todas as consecuencias a Lei que coñecemos como das grandes cidades e inmediatamente, a diferenza doutros Concellos, puxéronse en marcha todas as disposicións que tiñan que ver co reforzamento do poder executivo local que alí se reflicte porque efectivamente a Lei de grandes cidades reforza profundamente o poder executivo local se ben presenta, deixándoos por outra banda absolutamente esvaídos, os mecanismos de control do Pleno da Corporación, quedando estes pendentes dun desenvolvemento regulamentario que tardará máis ou menos ou que seremos máis ou menos rápidos e eficientes na súa elaboración que o noso grupo ten para si que se vai adiar ó longo de todo este mandato.

En todo caso atopámonos cunha Xunta de Goberno Local que aproba absolutamente todos os pregos de condicións técnicas e administrativas de todos os concursos, incluíndo aqueles que teñen por obxecto a adxudicación por períodos moi importantes de tempo, os máximos legais, de servizos e mesmo con aumento de custos destes servizos e a Corporación non se entera de nada; mellor dito, si nos enteramos traballando, evidentemente, pero non hai o debate político que permitiría definir o obxecto dos pregos e a calidade dos servizos, pero por outra banda tamén permitiría perfeccionar esa documentación para a consecución das mellores condicións posibles, que

é do que se trata, para a realización dos servizos que recibe a cidade de Vigo.

Pero si que pode haber mecanismos se hai vontade política. Este Concello conta cunha estrutura de comisións, actualmente de carácter informativo porque non temos producido a modificación do Regulamento Orgánico, pero que no seu momento terán que cambiar o seu sentido e algunha delas ten case que por definición, como a comisión de Control da Contratación que precisamente no seu nome e na súa propia competencia, o control precisamente deses procesos pero non se realiza o control dos pregos.

Sinxelamente nesa comisión agora mesmo, seguindo un pouco a liña do mandato pasado, dase conta dos contratos realizados polos distintos órganos e iso é interesante pero non é o substancial porque é a propia redacción dos pregos de condicións e a súa aprobación a que faculta a definición dos servizos, dos custos e do futuro.

Polo tanto presentamos ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que ven reflectido na moción e que basicamente consiste en que en tanto non elaborem os regulamentos que derivan da Lei de grandes cidades e por tanto poñamos en marcha os mecanismos de control plenario necesarios para poder facultar a este Pleno para controlar ó poder executivo, poñamos en marcha un mecanismo que consista basicamente en que os pregos de condicións técnicas e administrativas sexan supervisados pola comisión de Control da Contratación que será convocada pola súa presidencia coa periodicidade que resulte conveniente. Non queremos definir esa periodicidade senón que se determine no seu momento.

E expreso algo que non está nesta moción pero que xa dixen o outro día na Xunta de Voceiros logo do Consello da Xerencia. O noso grupo cré que ademais desta iniciativa é conveniente que a Xunta de Voceiros nos próximos días se reuna e defina un mecanismo que permita realizar ese control polos grupos corporativos membros deste Pleno antes da toma de decisión pola Xunta de Goberno Local, porque con posterioridade ten realmente moi pouca eficiencia.

SRA. GRAÑA BARCIA: Satisfainos dun xeito especial a presentación desta moción porque amosa unha inquietude que coidamos que xa manifestamos dende o noso grupo a través de mocións e de intervencións.

Coidamos que esta moción reforza a tese compartida por todos da importancia da contratación dentro da vida municipal que poderíamos definir con dous aspectos. Por unha banda na elevada porcentaxe do orzamento de gastos que

implica a contratación e por outra por unha inqueda social, ás veces levada mesmo a un mundo de confianza ou desconfianza cara as institucións que está directamente relacionada coa contratación.

Anticipamos o noso total apoio a esta moción pero precisamente por estas razóns tememos que poida existir unha parcelación dun tema desta transcendencia, que poidamos estar adoptando pequenas decisións "parche" que non nos leven a un tratamento global do que significa a contratación dentro da vida municipal.

Por iso gustaríanos engadir un punto máis a tomar en consideración e que se puidera chegar a un acordo, que non se quedara só na Xunta de Voceiros inda que fose quen poidese elaborar cal sería o mecanismo máis axeitado. O que estamos propoñendo é a creación dun grupo de traballo no que poideran intervir tanto técnicos como representación do Pleno onde se puidese elaborar un manual de procedemento da contratación. Existe unha lexislación bastante rixida nesta materia e posiblemente o campo de actuación non sexa moi amplo, pero mesmo dende figuras legais que se poden estar a utilizar, como unha xunta central de compras, e que non se puxeron ata o de agora en funcionamento dentro da Casa. Un manual onde se recollan tempos e formas de facer as cousas podería ser algo que nos permitira mellorar sensiblemente o procedemento de contratación.

Por isto reiteramos que nos gustaría engadir un apartado máis á moción onde se puidese tomar este acordo: a creación dun grupo de traballo cuxo obxectivo fose a elaboración dun manual de procedemento en materia de contratación dentro do municipio.

SR. SOTO FERREIRO: Parece difícil para algúns ser quen de xulgar os temas de xeito universal e non segundo as circunstancias máis favorables ou non para un mesmo. Vostedes piden agora algo co que nós estamos absolutamente de acordo; veñen pedir que se establezan mellores controis sobre os asuntos derivados da contratación.

Parécenos ben, só lles preguntamos porqué non se lembraron de o facer cando gobernaban vostedes porque realmente non introduxeron este tipo de controis.

Alén diso evidentemente somos conscentes que somos unha forza política cun apoio electoral X e que vostedes tamén o teñen pero o que non se di en ningún manual é porqué se marxina a ningún grupo político dos traballos de control porque parece consubstancial polo menos na democracia na que eu creo, non sei na que cren vostedes. Dígolle isto ós tres grupos porque

segue a ser intolerable a estas alturas que vostedes tres teñan marxina da Democracia Progresista Galega da Mesa de Contratación. Non teñen permitido que actuemos como parte desa Mesa e agora reclaman cousas que lles gustan ou lles petan a vostedes e ós seus grupos, non están falando no nome universal da democracia e da participación. Estoullo pedindo para que rectifiquen conductas políticas os tres grupos se son quen e se queren. Advertímoslles xa que de convidados de pedra na segunda Mesa nin pola porta de atrás non imos entrar, nin nese nin en ningún lado. Estamos dispostos a corresponsabilizarnos niso como en todo pero vostedes establezan regras democráticas de participación universal, con proporcionalidade, con voto ponderado, como lles pete, non queremos ningunha situación de privilexio en ningún sentido pero queremos participar para aportar os criterios que temos que son os que representan como mínimo a quen nos elixiu.

A PRESIDENCIA: Antes de que interveña o Sr. Toba, dicirlles que o Goberno, dende a entrada en vigor da nova Lei de grandes cidades o único que está a facer e cumprir estrictamente a Lei. Isa é a primeira manifestación que queremos facer porque parece que o grupo municipal do Partido Popular dende que está a gobernar está cambiando situacións anteriores. Non.

Estamos axustándonos á legalidade. Isto quere dicir que aqueles contratos que antes superaban o 10% dos recursos ordinarios ou máis de catro anos tiña competencia o Pleno para tomar esa decisión; nestes momentos todos os contratos son competencia da Xunta de Goberno Local. Isa é o primeiro clarexamento. Evidentemente cando entra en vigor a Lei de grandes cidades nós axustámonos ó que marca a Lei.

De todos os xeitos dende o goberno estamos dispostos a votar esta moción cunha salvedade: que se sega a manter o criterio de que todos aqueles contratos que eran competencia do Pleno que pasen á Comisión de Control da Contratación e os que non que vaian á Xunta de Goberno como se viña facendo ordinariamente. O Goberno tamén ten que facer esta solicitude porque senón, se para a prórroga dun contrato que era competencia da Xunta, temos que convocar a Comisión de Control da Contratación en tempo ordinario e levalo á Xunta de Goberno, significaría que un contrato única e exclusivamente no trámite político pode pasar case que un mes e penso que iso o Goberno non o vai aceptar.

O Goberno vai aceptar que os contratos dos que tiña a competencia o Pleno, pasen pola Comisión de Control da Contratación, isto é os que superen o 10% dos recursos ordinarios ou aqueles que teñan unha duración de máis de catro

anos. Pensamos que é lícito que poidamos solicitar isto dende o Goberno porque é como se viña facendo ata o de agora.

Se aceptan isto imos votar a favor porque nós non temos absolutamente nada que ocultar senón que todo o contrario. Canta máis transparencia e máis poidan opinar os grupo políticos, mellor; pero tamén que lles quede claro que o que non imos facer é deixación de funcións do que nos permite a Lei porque coido que os mecanismos de control están perfectamente regulados.

É certo que hai agora unha situación puntual porque mentres non desenvolvamos os Regulamentos evidentemente estamos nunha situación de "impás" pero tamén coido que é lícito pola nosa parte solicitar que se faga todo do mesmo xeito que se viña facendo ate o de agora e vostedes teñen sistemas de control porque a Xunta de Goberno é pública, poden estudar os expedientes, facer puntualizacións, matizacións, denuncias e todo o que consideren oportuno.

Ó final non sei se se dan de conta de que o único que estamos a facer é un "paripé" porque a Comisión de Control da Contratación non pode dictaminar por tanto si se poden facer todo tipo de suxerencias pero o dictame non é vinculante. Coido que son cuestións que deberían quedar claras. Despois darase conta de todos os expedientes sen ningún tipo de problema pero se o Goberno para facer a prórroga dun contrato ten que convocar a Comisión de Control da Contratación co tempo que proceda e logo levalo á Xunta de Goberno, coido que esta comisión se vai reunir todas as semanas, tampouco temos ningún problema pero pode pasar iso.

Polo tanto gustaríame que se estudase esta fórmula intermedia que pode satisfacer a todos.

SR. TOBA GIRÓN: Son perfectamente coñecedor da Lei de grandes cidades e por tanto son conscente de que a Comisión de Control da Contratación non ten características dictaminadoras, é evidente.

Pero, Sr. Presidente, confundir o control político cun "paripé" non me parece de recibo e o noso grupo non o acepta. Imos dicir as cousas con moita claridade.

Ninguén vai poñer en dúbida a lexislación que está aprobada no seu momento polo Parlamento. O noso grupo xa manifestou a súa oposición no seu momento no propio debate Parlamentario a respecto da nosa opinión sobre a Lei de grandes cidades e naquel debate xa dixemos que era unha Lei escurantista e que baixo principios participadores e aparentemente de transparencia o que se ocultaba era unha vontade, lexitimamente pactada entre o Partido Popular

e o Partido Socialista, de promover réximes de carácter presidencialista e absolutamente incontrolados polo Pleno da Corporación. Isto é moi evidente e ás probas me remito.

Eu teño a continuación unha moción urxente que quero tratar e a esa proba remítome, non vou entrar nela agora pero fareino cando exprese a urxencia desa outra moción.

Non se poden poñer en marcha mecanismos novos sen lexislación nova. Os mecanismos exprésanse indubidablemente no momento en que aparece a nova lexislación. Como algún de vostedes seguro lembra, a Comisión de Control da Contratación, aprobada no seu día no mandato pasado polo Pleno da Corporación, algún de vostedes que estaba aquí connigo sabe que se propuxo en razón da modificación que houbera en canto ás competencias dos órganos do Goberno dos anos inmediatos que reforzaban a posición do Alcalde, por iso propúxose a Comisión de Control da Contratación. Respostaba a un interese de transparencia democrática do anterior Goberno municipal, porque se aprobou coa súa maioría, para que todos os grupos da Corporación tiveran coñecemento de cómo exercía os seus dereitos legais o de aquel Alcalde e a Comisión de Goberno de entón.

Pero esa Comisión de Control da Contratación respostaba a unha situación lexislativa que era aquela e non ista e ise foi un esforzo da anterior maioría deste Pleno para facultar mecanismos de control sobre o propio traballo do Goberno. Isa iniciativa nestes últimos meses non a houbo no partido do Goberno municipal, está a tomala a oposición. Aquela iniciativa do 99 foi do propio Goberno, da maioría BNG-Partido Socialista; nestes meses non houbo iniciativa en paralelo correspondente con aquela que se adoptou no seu intre.

Sr. Presidente, por suposto que vostedes están cumprindo a Lei, diso se encargan os propios técnicos e créame que algúns tamén en horas libres e somos conscentes da grandiosidade competencial executiva da famosa Lei a medida que pasa o tempo e ratificámonos en que aquela decisión do Parlamento foi unha mala decisión pero está aí a ela temos que nos aclimatar.

Polo tanto a proposta que lles facemos está pensada para paliar a situación e que deberan ter pensado vostedes como mecanismo complementario do Control da Contratación. Coidamos que é o momento de o poñer en marcha.

Sr. Presidente, a moción refírese fundamentalmente a pregos de condicións técnicas-administrativas e o que preocupa ó noso grupo é o debate político, que non técnico, a respecto das condicións dos pregos técnicos

administrativos porque aí é onde se define o alcance dun servizo, o seu propio custo e o control posterior da Corporación. Créame que o noso grupo está moito menos interesado nas condicións da adxudicación que por outra banda diso xa se encarga a Mesa de Contratación. A nós interésanos o debate político que non é ningún "paripé" senón que é o exercicio do control democrático do poder por parte do noso grupo e do conxunto da oposición.

Eu acepto unha matización presentando unha emenda sobre a nosa posición: "Aquelas (as contratacións) que superen o 10% -tal como dicía a Lei de Bases, Sr. Secretario- ou que teñan carácter plurianual". Evidentemente as primeiras polo valor dos recursos e as segundas polo interese en controlar como vai quedar a facenda local e como quedan os servizos con carácter carácter plurianual. Créame que polo tanto non estou a falar de negociados; estou falando daquilo que realmente ten importancia para a facenda local, para o funcionamento da Corporación e para a cidadanía de Vigo, que ise debe ser o noso nexo. Con esa modificación totalmente de acordo, se vostedes están de acordo e se sirve para chegar a un acordo que nós queremos.

A respecto da proposta realizada pola Sra. Graña do Grupo Municipal Socialista estamos de acordo pero cremos que agora non é oportuno. Efectivamente a elaboración dun manual de procedemento da contratación pode ser útil pero en todo caso ela sabe moito máis de leis ca min e sabe que o procedemento de contratación está realmente bastante regrado; en todo caso paréceme útil e coido que debe complementar os traballos de elaboración do novo Regulamento Orgánico.

Agora mesmo a min non se me pode distraer do fundamental e o fundamental é que iste Pleno ten que adoptar unha medida de Control da Contratación que o Goberno municipal non quixo adoptar e témolo que facer nós agora. Hoxe iste é o debate fundamental independentemente de que se vostede, Sra. Graña, presenta unha moción específica da creación dun grupo de traballo a respecto dun manual de procedemento da Contratación, apoiaremos esa moción sen ningún tipo de dúbida. En todo caso si propoñeremos que a comisión sexa non tanto técnica como de carácter político porque estamos falando da contratación de servizos que inciden sobre a cidadanía e iso debe ser controlado directamente pola Corporación.

Enténdame Sra. Graña que se o problema é aceptar un segundo punto que diga "Que se inicien os traballos de redacción dun manual de procedemento da contratación", está aceptado. Pero en todo caso hoxe o obxectivo deste debate dende a perspectiva do noso grupo non é ise.

SRA. GRAÑA BARCIA: En canto á emenda que se presenta neste intre por parte do BNG sobre unha moción presentada por eles, non queremos que poida paralizarse a adopción dese acordo. O que si nos gustaría é unha reflexión un pouco en aras á prudencia. Neste momento aínda non elaboramos todos os regulamentos e non os temos aprobados. Dado que estamos a falar dunha situación transitoria, coido que sería conveniente que absolutamente todos os pregos de condicións fosen analizados pola Comisión de Control da Contratación con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno, alomenos en canto non exista un regulamento aprobado.

Gustaríanos unha última reflexión sobre este tema; caso de que non fose aceptado e se mantivera a emenda anticipamos o noso voto a favor nese sentido.

Respecto á nosa proposta non hai ningún inconveniente pola nosa banda en presentar unha moción específica sobre este tema; agora ben, está xa formulada neste Pleno. Coidamos que se pode someter a votación e se todos valoramos positivo que exista un grupo de traballo técnico-político porque coido que neste caso en concreto o coñecemento técnico é necesario como elemento para desenvolver este traballo, coido que podemos aproveitar este intre e non é necesario dilatalo para outro posterior se todos estimamos que o tema así o require.

En canto á intervención do Sr. Soto realmente, quizais porque non a entendín pero coidamos que dende o noso grupo, tanto no seu momento formando parte do Goberno como agora na oposición, en ningún momento existiu acto, comentario ou intervención que poida levar á conclusión de que o seu partido fose discriminado ou non tratado con consideración pola nosa parte. Se efectivamente me trabuco nesta apreciación gustaríame que o clarexase.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar dicir á Sra. Graña que eu mantiven unhas excelentes relacións con vostedes cando estaban no Goberno e hoxe en xeral e por tanto a esa intervención súa xenérica a min non me importa para nada contestarlle tamén xenericamente que si, pero eu falei un tema puntual e concreto no que na miña opinión os tres partidos antes, agora e despois cometeron un erro político grave que é o de marxinar ó noso partido. Colla vostede os datos: non estamos na Mesa de Contratación, dígame porqué, deame unha explicación política.

Vostedes coma Goberno axudaron ó noso acceso a grupo político, etc., axudaron a reconvertir unha situación que era de clara marxinación na Corporación anterior. Non teño problema en dicirlle todo eso pero se vostedes con toda a razón están reclamando a maior participación posible nun tema tan sensible como son controis de contratos, de verdade que non é de recibo que esteamos marxinados. Isto non ten pés nin cabeza, alá vostedes se queren cambiar esta situación ou non, é responsabilidade dos tres grupos políticos. Nós unha vez máis ofrecémonos a colaborar tamén niso.

Con respecto a este último tema a min me parece que a ponderación que fixo o Sr. Toba, Sr. Figueroa, vostedes están no seu dereito de facer dentro do cumprimento da Lei o que lles pete e non serei eu o que levante unha voz. O meu grupo non é sospeitoso, máis ben todo o contrario, de dificultar ás súas accións de Goberno no sentido máis lato posible.

Isa é unha cousa pero tamén dicir que eu sempre citarei a amigos que dicían cousas moi de sentido común, por exemplo Antonio Nieto Figueroa, que en paz descanse, cando dicía que a política é unha cuestión de olfato. Paréceme que neste momento deben ter vostedes o olfato político suficiente como para aceptar a emenda formulada polo Sr. Toba con respecto á súa proposición inicial porque, alabando a postura do Sr. Toba e do seu grupo, paréceme intelixente, soupo escoitar e dicir que non quere en ningún sentido prexudicar o devenir diario do Goberno en cambio nos temas que poden ser trascendentes para Coporación si que podemos e debemos opinar todos e aí non hai prazos e por tanto non habería disculpas do seu grupo, Sr. Figueroa, para ter unha actitude política diferente, malia que polo momento estaría lexitimada unha acción no sentido que vostede dicía.

A PRESIDENCIA: O Grupo Popular vai aceptar esa emenda que fixemos e que parece ser que se matiza por parte do BNG e para que non teñamos ningún tipo de dúbida con respecto a que o Goberno quere a máxima transparencia, tamén imos incluír que todos aqueles expedientes que nestes momentos están en procedemento administrativo imos darlle o tratamento que se acordou aquí. Agora mesmo hai algún expediente que xa está en marcha e se hai que reconducir o tema imos facelo para que vexan que non temos ningún inconveniente en que se trate deste xeito.

Gustaríame matizar a moción cun anexo ou como sexa procedente administrativamente, no sentido de que todos aqueles expedientes que estean

en marcha e que reunan estas condicións que se lles faga o tratamento que se aprobe con esta moción.

Coido que así acaban todo tipo de discusións que poida haber con respecto a todo aquilo que estea en marcha. Por tanto, Sr. Secretario, non sei se hai aprobado algún prego pola Xunta de Goberno; se reune estas condicións o que pedimos dende o Goberno é que se paralizen os expediente para os adaptar ó que se aproba na moción. Pódese facer sen ningún problema.

SR. TOBA GIRON: Só para fixar a posición polas súas intervencións. Eu acepto que se emende a moción reflectindo que irían aqueles que superan o 10% que definía a Lei de bases de réxime local máis os de carácter plurianual. Iso ten o sentido de que o noso grupo quere exercer control político pero non quere paralizar a acción do Goberno aínda que si evidentemente aquilo que non é substancial para a Corporación.

Para que non haxa malos entendidos engadir un segundo punto que diga que se inicien os traballos para a redacción dun manual de procedemento de contratación coa composición que acorde a Xunta de Voceiros.

A PRESIDENCIA: Non temos inconveniente e pediríamos tamén que se recolla o que expresara esta Presidencia no sentido de que todos os expediente que neste momento estean en marcha que se lles dea o tratamento desta moción.

E aínda que non ten nada que ver coa moción, todos vostedes saben que hai unha praza de xefe do Servizo de Contratación que ó mellor teríamos que o estudar ou reconducir para poder facela. Saben vostedes que quedou vacante en varios gobernos e coido que poderíamos aproveitar e resolver o problema que temos nese servizo.

En canto ó referente ó manual do segundo punto, supoñemos que en canto se desenvolva o regulamento, reconducirase ou irá na liña dese manual. Supoño que a comisión terá coordinación ou mesmo me atrevería a dicir que se pase a esa comisión xa constituída para a redacción dese manual porque terá que ter un tratamento parecido.

SRA. GRAÑA BARCIA: Coido que son cousas distintas pero de todos os xeitos, na liña que se manifestou, nós anticipamos o noso voto a favor.

Emenda formulada pola Presidencia, como voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, durante o curso do debate:

Que se remitan á Comisión de Control da Contratación todos aqueles contratos que superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, aqueles cuxa contía supere os 6.010.121,04 €, máis os plurianuais de catro ou máis anualidades e aqueles outros de servizos ou asistenciais técnicas cuxo prazo de execución prevexa unha duración de dous anos prorrogables por un ou dous máis, incluíndo neste tratamento todos aqueles pregos que nestes momentos están en trámite administrativo e se atopen incursos nos supostos citados.

Emenda formulada pola Sra. Graña Barcia, polo grupo Socialista, durante o curso do debate:

Iniciar os traballos para a redacción dun manual do procedemento da contratación coa composición que acorde a Xunta de Voceiros.

Vótase a moción do Grupo do BNG incluíndo as anteriores emendas formuladas durante o curso do debate.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Que en tanto non se aproben as novas regulamentacións derivadas da nova lexislación que permitan o control dos procesos de elaboración de pregos de condicións técnicas e administrativas por parte dos grupos municipais, previamente á súa aprobación polo órgano correspondente, se remitan á Comisión de Control da Contratación todos aqueles contratos que superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, aqueles cuxa contía supere os 6.010.121,04 €, máis os plurianuais de catro ou máis anualidades e aqueles outros de servizos ou asistenciais técnicas cuxo prazo de execución prevexa unha duración de dous anos prorrogables por un ou dous máis, incluíndo neste tratamento todos aqueles pregos que nestes momentos están en trámite administrativo e se atopen incursos nos supostos citados.

Segundo.- Iniciar os traballos para a redacción dun manual do procedemento da contratación coa composición que acorde a Xunta de Voceiros.

14.- (228).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE INSTANDO QUE SE NOTIFIQUE ÓS GRUPOS MUNICIPAIS TODOS OS DECRETOS OU RESOLUCIÓNS DICTADOS POLA ALCALDÍA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de agosto de 2004, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Con data 2 de febreiro de 2004 a Presidenta-Alcaldesa da Xerencia Municipal de Urbanismo dictou un Decreto polo que modificou a composición da Mesa de Contratación do organismo autónomo, substituindo o anterior Decreto do 15 de marzo de 2000.

O Grupo Municipal Socialista tivo coñecemento do citado Decreto de xeito casual e extraoficial, transcorridos os prazos legais para a súa impugnación e cando xa resulta extemporánea calquera resposta política a aquel acto do Goberno.

Para que non se reproduzan supostos similares e o Goberno municipal facilite a todos os Grupos políticos a laboura de control e fiscalización das súas actuacións, o Grupo Municipal Socialista propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

"Instar ó Goberno municipal a que notifique expresamente a todos os Grupos políticos municipais todas os Decretos e resolucións dictados pola Alcaldía e Presidencias dos distintos organismos autónomos municipais".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 6 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: A moción presentada contempla a notificación de distintos actos de Goberno, en concreto decretos e resolucións que se dicten na Alcaldía ou en calidade de Presidenta dos distintos organismos autónomos ós distintos grupos municipais. Ata agora, e así comentouse na última reunión do Consello da Xerencia coa intervención do señor Figueroa, non existía este proceso de notificación. Os concelleiros integrantes da Corporación podían ter coñecemento dos decretos e no seu caso solicitar que Secretaría lles facilitara unha copia, pero non se produciu un tramite formal onde cada vez que se produce un acto desta natureza automaticamente se produce unha notificación ós restantes grupos municipais, por iso cremos que a nosa obriga é contribuir dende a nosa posición a mellorar ó funcionamento da administración, dado que é un mal funcionamento e padecémolo todos, a través de medidas deste contido que quizais non sexan especialmente substanciais pero si teñen un aspecto formal que creo mellora substancialmente sobre todo aspectos como a transparencia que queremos ir aportándolle á vida pública. Por todo isto esperamos que exista por parte

do Goberno basicamente unha consideración en positivo de iniciativas desta natureza.

SR. SOTO FERREIRO: Estamos de acordo e espero que o Goberno municipal tamén. Que os grupos políticos estean enterados de qué tipos de resolucións se producen na Alcaldía parece elemental. Polo tanto, non só estamos totalmente a favor senón que, e non o tome nin siquiera como emenda, senón como suxerencia de que engadan á súa moción "inmediatamente despois de ser realizados". É dicir, vostedes deixan aberto un prazo e teoricamente se a Alcaldía nos comunica os dictados un mes ou catro meses despois estarían cumprindo a moción. A min me parece que nada pode prexudicar á xestión da Alcaldía que unha vez que se produce calquera tipo de decreto, de xeito inmediato se lle mande unha copia ós grupos municipais. Nada máis que esa pequena xestión e fóra.

A PRESIDENCIA: Unicamente dicir para todos aqueles que non o saiban que hai unha cuestión clara: faise exactamente o mesmo que se viña facendo nos últimos vinte anos neste Concello. Para nós, como Goberno, o único importante é que non quede ningún tipo de dúbida con respecto a que non houbo ningún cambio nos procedementos aínda que nos parece ben que se vaia mellorando.

Engádega proposta polo voceiro do Grupo DPG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Engadir á proposta de acordo "...inmediatamente de ser realizados".

A Presidencia somete a votación a moción coa engádega proposta polo Sr. Soto Ferreiro.

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ó Goberno municipal a que notifique expresamente a todos os Grupos políticos municipais todas os Decretos e resolucións dictados pola Alcaldía e Presidencias dos distintos organismos autónomos municipais inmediatamente de ser realizados.

URXENTE:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PARALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE COBRAMENTO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"O pasado día 9 de agosto a Xunta de Goberno Local, previa declaración da urxencia, pois o asunto non estaba na orde do día da sesión, aproba os pregos de condicións técnicas e administrativas para proceder á adxudicación do contrato de xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados na vía pública.

Como xa discutimos en outra moción presentada ante este Pleno polo noso Grupo Municipal, a actual lexislación ofrece todas as competencias á Xunta de Goberno Local, reservando ó Pleno o sinxelo control, control en todo caso a definir na estrutura regulamentaria que teremos que aprobar no seu día, independentemente dos mecanismos paliativos que agora poidamos impulsar.

Como non podía ser doutra maneira, a ausencia de mecanismos de control por parte do Pleno, permitiu que a Xunta Local de Goberno tomara o acordo denantes indicado e o noso grupo só poidera controlar a decisión tomada posteriormente, moito máis se temos en conta que o asunto tratouse fora da orde do día.

Nembargantes, a decisión adoptada pola Xunta de Goberno é de extremada importancia.

En primeiro lugar porque se pretende a adxudicación por 16 anos dun servizo municipal e no que se permiten dúas prórrogas por períodos de 2 anos cada unha, é dicir estamos a falar dunha contratación que pode estender a súa vixencia ata un máximo de 20 anos, e o Pleno da Corporación sen enteirarse.

En segundo lugar porque preténdese que un servizo que agora cústalle ó Concello arredor de 1.500.000 € (a dotación no orzamento prorrogado é de 1.432.091 € e a dotación no proxecto de orzamento do ano 2004, que non foi aprobado, era 1.475.053,73 €), pase a custar, na opción máis cara 2.128.892,11 €. Supoñendo un incremento do 44% sobre a dotación prevista no orzamento do 2004. E o Pleno da Corporación sen enteirarse.

En terceiro lugar, porque vai desequilibrar a relación gastos-ingresos, no propio servizo, de xeito irreparábel. No ano 2003 o servizo de guindastres

recadou 1.104.357,12 € e o proxecto de orzamento do ano 2004 cifraba a pretensión de ingresos en 956.140 €. Neste intre o custo do servizo achégase a 1.527.102,18 €. En suma temos un déficit de arredor de 370.000 €. Cos pregos de condicións que a Xunta de Goberno Local aprobou, o déficit estará por riba de un millón de euros. Ese déficit teran vostedes que resolvelo con cargo ó orzamento corrente. E o Pleno da Corporación e o pobo de Vigo sen enteirarse.

Evitamos discutir nesta exposición de motivos aspectos concretos dos pregos de condicións. Non é o momento. Pero expresamos con toda claridade que impediremos con todos os medios a execución deste concurso e do seu contrato.

Sen dúbida é mala unha lexislación que permite este sistema de toma de decisións, e sen dúbida é rotundamente necesario o establecemento de mecanismos de control como os xa propostos polo Grupo Municipal do BNG, e moito máis.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación Municipal, insta á Alcaldía-Presidencia e á Xunta de Goberno Local a acordar de xeito urxente na súa próxima reunión a paralización do procedemento de contratación da xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados, deixando sen efecto a decisión adoptada na sesión do pasado 9 de agosto, ordeando a redacción de novos pregos e no seu día trasladando o debate á Comisión de Control da Contratación, para o seu estudo e dictame, previamente ó seu traslado á Xunta de Goberno Local."

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRON: A moción refírese ó proceso de contratación do servizo da grúa iniciado por parte da Xunta de Goberno Local o pasado día 9 de agosto. A urxencia deriva precisamente da aprobación da moción anterior que demanda que os pregos de condicións, na liña do que acabamos de falar, vaian pola Comisión de Control da Contratación e polo tanto entendo que é absolutamente urxente porque senón derivaríamos en inaplicable a moción aprobada anteriormente.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: En canto ó fondo do tema dicirlle que imos aceptar, como xa se fixo anteriormente, que ese expediente leve o tratamento que acabamos de aprobar.

SR. TOBA GIRON: Vou facer unha intervención moi breve en razón de que a tiña comprometida co Pleno. No punto anterior fixen referencia a que me ía remitir ás probas e a proba é este concurso. A Xunta de Goberno Local aproba os pregos de condicións técnicas-administrativas o pasado día 9 de agosto dun concurso para adxudicar a explotación do servizo da grúa durante dezaseis anos, as próximas cinco corporacións, e fíxense que aproba estes pregos que derivan en adxudicar un servizo durante os próximos 16 anos e o Pleno non se entera de nada.

Cando un lé eses pregos de condicións dase de conta ata que punto é necesario o control de todos e todas porque pensándoo ben trataríase dende o meu punto de vista de sinxelos erros, pero erros que dan lugar a que un contrato que agora custa redondeando (teñen vostedes as cifras no texto da moción) ó redor de millón e medio de euros ó ano, pase custar máis de dous millóns de euros ó ano durante os próximos 16 anos. Abofé que hai que o pensar cun pouquiño de coidado sobre todo tendo en conta que ese servizo orzamentariamente ten un déficit que ronda ós 400.000 euros que sufragamos todos os cidadáns; déficit que agora, a raíz dese contrato, dispararíase a un millón de euros cada ano.

Créanme que o estudo de custos e ingresos adherido a ese expediente non é tal, senón que sinxelamente é a acta dunha xuntanza na que cada quen emite opinións; como se así se fixeran estudos económicos de custos dun servizo. Créanme que ese estudo de custos non é realista en absoluto, non é quen de asumir a mínima análise rigorosa, é unha manifestación de vontades absolutamente insubstanciadas cuantitativamente pero que nos abren aínda máis o buraco. Por certo, que para ofrecer un servizo que non é moito mellor senón que simplemente é desmedido.

Ter dez grúas funcionando todos os días dende as seis da mañá ata as dez da noite é unha barbaridade que non ocorre en ningunha cidade. Como iso todo o que eu lles podo contar do prego de condicións que créanme que o estudei de xeito coidadoso, asunto no que agora non quero entrar a menos que vostedes me obriguen.

Nós só lle propoñemos en concordancia coa moción que aprobamos anteriormente que a Xunta de Goberno Local de xeito urxente, porque supoño que os anuncios están enviados aínda que alomenos non estaban publicados

esta semana pasada, pare por completo ese procedemento e eu xa apunto que ó mellor sería que se elaborasen novos pregos técnicos e administrativos porque non hai por onde os coller, pero en todo caso que a nova documentación elaborada vaia pola Comisión de Control da Contratación porque estamos falando dun contrato que se pretende a 16 anos e mesmo só con arrendamento de terreos.

Alomenos se se propuxese a adquisición de terreos podería formularse a necesidade de amortizar no tempo, durante dezaseis anos, esa adquisición. Pero se propón dezaseis anos tanto para adquirir terreos como para os arrendar e por certo que case ó mesmo prezo co cal un non sae do seu asombro.

O mellor que podemos facer neste momento é que o Pleno do Concello inste á Xunta de Goberno Local a deixar en suspenso ese procedemento, suspendelo definitivamente e que sega o procedemento que acabamos de falar na moción anterior.

A PRESIDENCIA: O noso grupo xa tomou a decisión na moción anterior por tanto todos aqueles expedientes que neste intre estean en marcha e que reunan as condicións faladas na devandita moción imos darlles o tratamento que se acordou.

De todos os xeitos, Sr. Toba, e sen ánimo de polemizar porque teremos tempo para debater este prego e moitos máis, hai unha cuestión que está clara. Vostede omite algo que coñece perfectamente e eu sei que é así porque vostede estuda todos os temas, ten moito coñecemento da administración nos últimos anos e sabe que o incremento na maior parte dese contrato débese a unha situación de conflictividade laboral que se produciu a finais do anterior mandato cando houbo unha folga dos traballadores da grúa e houbo un acordo, aínda que non está reflectido, entre os técnicos, algún responsable político e os traballadores da anterior empresa e acordouse a desconvocatoria desa folga sempre e cando as demandas laborais que se solicitaban se incluíran na elaboración dos próximos pregos.

Fíxose así e deu un novo marco dun convenio laboral cun incremento importante de mellora nas condicións dos traballadores e dun xeito fundamental o incremento deste contrato ven dado dese acordo que no seu día se pactou para desconvocar aquela folga. Dixérono nos medios de comunicación, os propios traballadores e está reflectido na prensa que vostedes poidan recoller desas datas. Eu se queren doulles a data e poderán ver en todos os medios de comunicación que, aínda que non houbo sinatura de

ningún membro do Goberno, si houbo un acordo para a desconvocatoria daquela folga. Coido que foi no mes de marzo do ano 2003.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Presidente permítame que lle matice porque efectivamente eu son moi maniático en mirar os expedientes. O documento téño na miña man e é un documento que efectivamente non contempla ningunha decisión de ningún organismo pero di: "Reunidos en Vigo o día 21 de marzo do 2004".

A PRESIDENCIA: Déixeme rematar e logo intervirá vostede. Vostede sabe, e por iso lle digo que vaia ós medios de comunicación, que ese acordo é posterior, é certo, pero onde verdaderamente se produce o acordo é cando se fai a folga. Vostede sabe que teño razón, vaia ós medios de comunicación, busque todas as informacións e saberá que houbo varias xuntanzas co anterior concelleiro de Tráfico, Sr. de Acosta, onde cos responsables técnicos desconvocouse aquela folga cun compromiso político de que se recollerían as demandas destes traballadores da grúa no próximo prego de condicións que se quitase a concurso.

A raíz dese pacto político ven que posteriormente ese pacto se ratifique, evidentemente polo interese dos traballadores e da empresa, para que no próximo prego de condicións que se estaba ou se ía elaborar se recollese.

Ó marxe diso, despois da valoración política ó mellor a ese acordo político hai que lle facer caso ou non porque é certo que non hai compromiso de ningún membro da Corporación, pero si había un acordo político que se recolleu nos medios de comunicación.

De todos os xeitos só era para matizar que o incremento deste contrato ven dunha parte importante deste acordo. Como temos tempo para analizar este prego faremos as valoracións correspondentes e polo tanto, Sr. Secretario, que inmediatamente de rematar este Pleno se dea a orde para que se cumpra a moción que se aprobou anteriormente.

SR. TOBA GIRON: Pídlle disculpas por lle ter interrompido na súa intervención.

Matización feita polo Sr. Toba Girón, do Grupo Municipal do BNG, durante o curso do debate:

Que a presente moción siga o mesmo procedemento acordado na moción anterior tratada como punto 13 da orde do día, relativa á remisión dos pregos de condicións á Comisión de Control da Contratación.

Votase o texto da moción coa anterior precisión formulada polo seu relator, Sr. Toba Girón.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a compoñen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Instar á Alcaldía-Presidencia e á Xunta de Goberno Local a acordar de xeito urxente na súa próxima reunión a paralización do procedemento de contratación da xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados, deixando sen efecto a decisión adoptada na sesión do pasado 9 de agosto, a fin de que siga o procedemento acordado no punto 13 desta mesma sesión plenaria, relativo á remisión dos pregos de condicións á Comisión de Control da Contratación.

15.- (229).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG, SR. SOTO FERREIRO, SOBRE PROPORCIONAR UN LOCAL Á ASOCIACIÓN DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de novembro de 2004, o voceiro do grupo Municipal de DPG formula o seguinte rogo:

“Que se lle proporcione de xeito inmediato á Asociación de mulleres veciñais contra os malos tratos, de Vigo, un local axeitado pra desenvolveren o seu importante traballo social.”

Sra. Alcaldesa, esta asociación de mulleres que está a loitar decote pra axudar a mulleres maltratadas non ten os medios máis indispensábeis pra poderen desenvolver o seu labor, como esixe este delicadísimo tema.

Outrora permitíanlle traballar na sede da Federación de Asociacións de Veciños, pero dende hai aproximadamente un ano, xa non, polo que segundo as súas testemuñas teñen que recibir e asesorar a mulleres onde poden. Por exemplo, ás veces, en cafeterías... Se esta circunstancia a sumamos ó feito

de que boa parte das mulleres maltratadas que se lle achegan son do rural, pois...

No Concello non paran de darlles boas palabras, pero xa vai sendo hora de que lles deamos feitos. Porque á hora de falar contra os malos tratos, todos parecemos un, pero, como di un libro famoso "polos seus feitos os coñeceredes".

En efecto, se co que dicimos nos Plenos non axudamos ó voluntariado a que teña as ferramentas máis indispensábeis pra loitaren por causas coma esta...¡imos apañados!"

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Eu presento un rogo que di literalmente que se lle proporcione de xeito inmediato á Asociación de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo un local axeitado para desenvolver o seu importante traballo social. Veño dicir na explicación deste rogo que realmente me da a impresión de que todos os membros da Corporación somos sinceros cando falamos de sensibilidade con respecto a un tema que é unha auténtica lacra social dos tempos nos que vivimos. Pero unha cousa é sinceridade e outra cousa é eficacia no Goberno e a min paréceme que vostedes non foron todo o eficaces que deberan neste tema.

Deixenme dicirlles tamén que veño de recibir o venres pasado unha carta da señora Alcaldesa na que se me di que a Xunta de Goberno local ten decidida a cesión dun local letra C para a dita Asociación no viveiro de Asociacións de Centros de Servizos Comunitarios do casco vello.

Dúas cousas. En primeiro lugar alégrome e felicítolles que teñan tomada esta decisión. En todo caso non se corresponde co que eu pedía porque eu pedía un local axeitado e a min honestamente iso me parece mellor ca nada, evidentemente, nese sentido estou contento de que lle presten ese local, pero para nada me parece axeitado. Coido que a sensibilidade que temos nestes temas debemos amosala na práctica con actuacións concretas de Goberno. E na práctica é prestándolle a estes temas absoluta prioridade, prioridade orzamentaria tamen por diante doutros moitos temas municipais, seguramente de todos.

Paréceme un tema dunha gravidade tal que todos os medios que se empreguen nesta dirección pareceranme cativos e polo tanto eu pídolles que esa sensibilidade que vostedes teñan, como temos todos nós, a traduzan en actos concretos, que planifiquen, se queren con axuda de todos, accións de Goberno concretas e que non estean tanto tempo dicindo que non teñen medios para nada. Arbitren medios, fagan transferencias orzamentarias, fagan o que

lles pete para lle dar unha resposta eficaz a este problema de lacra social auténtica dos tempos en que vivimos.

A señora Alcaldesa, non sei se coma muller, ou coma persoa, ou as dúas cousas, cónstame que ten unha sensibilidade especial nestes temas. Ten que o demostrar, por exemplo recibindo inmediatamente a este colectivo, cousa que lle pido publicamente porque a Alcaldesa ademáis de Alcaldesa é Presidenta dun Goberno e é presidenta da Corporación. Polo tanto hai temas que debe representar ó noso conxunto, as cousas que dicimos a Corporación do mellor xeito posible e co trato máis directo e máis eficaz posible cos colectivos afectados, neste caso concreto tamén. Polo tanto pídlle sensibilidade, que seguro que a teñen tamén, pero póñana en práctica con eficacia orzamentaria.

A PRESIDENCIA: Recollemos a súa petición e daremos traslado á Concellería correspondente.

SRA. MOLARES PÉREZ: Evidentemente que non só se resolverá ese tema, aínda que se podería resolver mellor pero se lle resolveu o tema do local e tamén ó longo destes meses asinouse con elas un convenio. Tamén estamos elaborando neste intre un plan de violencia de xénero no que van ter participación todos os grupos políticos no que se poderan instrumentar medidas planificadas en canto a esa loita coa violencia de xénero posto que por parte deste Goberno estamos sensibilizados en atender esta demanda e cremos que a rede veciñal de mulleres que, como xa anteriormente o señor Soto comentou, estaban ubicadas nun local da Federación, ó ver que a solución entre eles non se arranxaba optamos por buscar unha alternativa. De todos modos están facendo un traballo informal que complementa o traballo formal que se pode facer dende as administracións e por iso cremos que o labor que están facendo estas mulleres da rede veciñal pode ser potenciada no futuro.

A PRESIDENCIA: Nos rogos non hai debates. Señora Porteiro se quere intervir, interveña, pero eu lle pediría que non se produzan debates.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Gracias pola súa xenerosidade señor Presidente, que está vostede levando moi ben este Pleno por certo. Evidentemente, simplemente por expresar a posición do noso grupo coincidindo coa necesidade de que calquera asociación que fai un traballo social poida ter

unha infraestrutura mínima, tamén hai que recoñecer que o Concello non ten os medios suficientes para poder atender todas as peticións.

En todo caso neste moi puntual, ó mellor podería ser procedente, señora Concelleira, que se debatise no seo do Consello municipal da Muller a situación destes colectivos que traballan no ámbito da muller na cidade e aqueles que teñan unha necesidade maior, que se poida facer un traballo valorado e unha proposta de futuro. Pero isto sería converter o rogo do señor Soto en outro rogo e non é o que eu intento facer. Simplemente transmitir a nosa posición e que se coñeza.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Dado que se está a falar dun tema que a min paréceme moi importante quixera facer algúns comentarios porque cando menos a miña persoa durante algún tempo estivo preocupada e facendo o seguimento, concretamente da situación de necesidade de asinar un convenio entre o Concello e a rede de mulleres veciñais, así como da dotación dun local para que poideran desenvolver a súa actividade o máis axeitadamente posible dado que por diferentes problemas no local no que estaban a traballar non o poideron seguir facendo.

Dicir que efectivamente seguramente haxa que buscar un local mellor, pero o que si é certo é que a urxencia que tiña a rede de mulleres veciñais contra os malos tratos pode estar solventada neste momento aínda que efectivamente hai que buscar unhas mellores condicións.

O único que quero dicir é que o traballo que está a facer este colectivo de mulleres veciñais é tremendamente importante dentro da problemática de violencia de xénero. É un traballo complementario das institucións pero, dada mesmo a experiencia dese labor, diríamos que é fundamental que existan asociacións como a rede de mulleres veciñais contra os malos tratos para poder afrontar este problema porque ás veces as administracións, que son quen teñen que buscar as solucións e as alternativas para resolver os problemas, necesitan experiencia do día a día e do contacto real cos problemas para o facer o mellor posible.

* ROGO DA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA, SOBRE A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de setembro, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova,

S.Ordinaria 13.09.04

formula as seguintes preguntas ó concelleiro delegado de Cultura e Normalización Lingüística, Sr. López-Chaves Castro:

"O Estatuto de Autnomía de Galiza, no seu artigo 5, establece que as administracións públicas "potenciarán o emprego do idioma galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa". Por outra banda a vixente Lei de Normalización Lingüística, no seu título VI, artigo 25, concreta o compromiso anterior ó establecer que "o Goberno Galego e as corporacións locais, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras".

O necesario relatorio dos preceptos anteriormente citados, ven ó caso porque os textos que definen o compromiso a prol da normalización lingüística, lonxe de seren enunciados baleiros, deben ser motivo de iniciativa de actuación das administracións públicas, e neste caso da administración local, dando lugar a proxectos de actuación que, en todo caso, deben concretarse nas accións que expresen o compromiso co noso idioma.

É particularmente necesario este compromiso, cando se pretenda articular o mecanismo de transmisión da nosa lingua ás novas xeracións, mecanismo fatalmente quebrado pois que se manteñen vivos prexuízos lingüísticos e a falla de actividades compensatorias.

Do programa de festas deste ano, despréndese pola súa parte unha absoluta falla de compromiso coa normalización do noso idioma, sendo precisamente vostede quen ostenta tamén a delegación de Normalización Lingüística.

A modo de exemplos, salientamos que no programa de teatro para nenos e nenas, ningunha das seis obras representadas foi en galego, e no programa de teatro de monicreques dirixido ó mesmo público das sete actuacións só unha foi no noso idioma.

Polo antedito, formúlolle as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Pensa vostede exercer a súa delegación de Normalización Lingüística promocionando o uso do galego nalgún momento?
- 2.- ¿Considera vostede que está dando cumprimento ós referidos preceptos do Estatuto de Autonomía de Galiza e á Lei de Normalización Lingüística?
- 3.- ¿Ten elaborado algún programa que actúa positivamente a prol do galego en xeral e en particular para as idades nas que é fundamental evitar a ruptura na transmisión do noso idioma?"

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Estan sendo habituais xa pola miña parte intervencións nestes Plenos a respecto do tema da normalización lingüística e iso por unha razón fundamental que é o incumprimento reiterado por parte do Goberno municipal das leis existentes neste sentido. Non hai máis que ver, por exemplo, a prensa deste fin de semana. O lema da

campaña turística que se chama "Siente la llamada de Vigo" e non me vale que me aleguen que vai dirixida a turismo foráneo porque nós recibimos moito turismo de Portugal e porque ademáis para o turismo que veña de Poitiers, Valladolid ou Frankfurt ten que haber folletos editados en todos os idiomas.

Triste, raiando no ridículo, foi tamén este mesmo sábado a inauguración dunha rúa na zona portuaria, e digo isto polo que evidencia de autoodio, de complexos e de prexuízos. Está rúa, como se comentou antes de descubrir a cortiniña, estaba adicada a un home do mar, un veciño de Bouzas alcumado o Maravillas. Pero claro, cando descubriron a cortiniña alí apareceu rúa "Las Maravillas". Non chega ó extremo de ridículo que estamos un punto por debaixo do que se di a iso en Coruña, alí veríamos "calle rúa Las Maravillas", pero iso non consola moito, a verdade.

Para qué vou citar tamén todas as intervencións públicas que por razóns de cargo se fan en castelán e que todos sabemos o que di a Ordenanza.

Contrastando con todo isto eu teño a resposta da Alcaldesa a algunha pregunta anterior no sentido de que este Goberno municipal apoia decididamente a ordenanza de normalización e así o demostra co seu cumprimento por parte de todos os seus membros. A min isto de afirmar algo dunha maneira case entusiasta e facer continuamente o contrario creo que ten un nome pero vostedes mesmos poñan o adxectivo, eu non o vou facer.

Na exposición de motivos desta pregunta volvo lembrar o Estatuto de Autonomía, no artigo 5, que di que as administracións públicas potenciarán o emprego do idioma galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Cito tamén a Lei de normalización lingüística cando di que o Goberno galego e as corporacións locais fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e fagoo porque considero que isto non poden ser palabras bonitas que estean simplemente aí escritas, senón que teñen que ser motivo de iniciativa da actuación das administracións públicas e teñen que se concretar en accións.

Este compromiso é particularmente necesario se queremos articular un mecanismo de transmisión da lingua ás novas xeneracións, porque este mecanismo está precisamente quebrado porque se manteñen vivos prexuízos que se notan nos exemplos anteriores e unha falla grande de actividades que os compensen.

No programa de festas deste ano vemos que hai unha absoluta falla de compromiso con este tema sendo ademáis o señor López Chaves o que ostenta

tamén a delegación de normalización lingüística, o cal resulta máis contraproducente. Por exemplo, no programa de teatros para nenos vemos que ningunha das seis obras representadas se fixo en galego e no programa de teatro de monicreques das sete actuacións só unha foi no noso idioma.

Entón as preguntas que eu presento ante isto son se pensa o Concelleiro de normalización lingüística exercer a súa delegación promocionando o uso do galego nalgún momento, se considera que se están dando os referidos cumprimentos ós preceptos do Estatuto de Autonomía de Galicia e á Lei de normalización lingüística, e por último se elaborou algún programa que actue positivamente a prol do galego en xeral e en particular para as idades nas que é fundamental evitar a ruptura na transmisión do noso idioma.

A PRESIDENCIA: Non hai debate, non imos a romper as normas. O único que contesta é o Goberno e vai facelo o Sr. López-Chaves.

SR SOTO FERREIRO: Se o que fixo é unha pregunta evidentemente non hai ningún tipo de debate nin intervención pero se é un rogo si que teñen dereito a intervir todos os grupos municipais, polo tanto como non o explicou, ou intervimos ou non intervimos, sen máis.

A PRESIDENCIA: O único que procede é que conteste o Goberno, se algún membro quere contestar ó Goberno.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Eu só dicir que xa se respostou por escrito. A pregunta entrou o venres a última hora, nós contestámola por escrito e supoño que a terá no seu poder.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO SR. ALONSO VÁZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG, SOBRE COMPETENCIA DO NOMEAMENTO DE RÚAS DENTRO DO RECINTO DA AUTORDIADE PORTUARIA.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Quería facer unha pregunta. O que non sei e me gustaría saber é se dentro do recinto da Autoridade Portuaria o nome das rúas é competencia dela ou é competencia do Concello.

A PRESIDENCIA: É competencia do Concello.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.